Já a nível nacional, o relatório Norte Conjuntura indica que “o emprego registou no último trimestre do ano passado uma variação positiva”, com um crescimento de 0,7%, o que “contrasta com os anteriores cinco anos de variações negativas em termos homólogos”.

lântico impulsada por Chaves-Verín. Así mesmo avanzárase en actuacións concretas en materia sanitaria, de transporte público, loxística, cooperación policial e termalismo, entre outros.

Canto ao balance do tra-

ballo realizado polos concellos de Verín e de Chaves desde a creación do proxecto de Eurocidade, cómpre salientar a formación da estrutura de cooperación con personalidade xurídica da AECT-Eurocidade Chaves-Verín, e a creación da Zona Franca Social a través da xestión e equipamentos e servizos e a Tarxeta do Eurocidadán.

Así mesmo, leváronse a cabo actividades de promoción económica no eido turístico, do termalismo e do desenvolvemento sostible, entre os que se atopa a senda eco fluvial polo río Tâmega.

A Eurocidade Chaves-Verín é un proxecto de cooperación transfronteiriza aprobado no ámbito do Programa de Coepración Transfronteiriza España-Portugal (POPTep), que conta coa participación financeira da Unión Europea.





## IMPLICACIÓN CIDADÁN NAS POLÍTICAS COMUNITARIAS

O Comité das Rexións, nunha reunión celebrada en Bruxelas e na que interviu o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gama-lo, en representación de Galicia, tratou sobre o proxecto de Carta da Gobernanza Multinivel en Europa, que deriva dun Libro Branco promovido polo Comité no ano 2009 e que avoga por unha maior coordinación da UE, Estados Membros e entes rexionais e locais.

Unha vez adoptado funcionará como un instrumento político que consagrará o compromiso dos poderes públicos coa aplicación dos valores e mecanismos da gobernanza multinivel.

Este compromiso é de vital importancia para o CdR como representante das administracións máis próximas ao cidadán, xa que o texto promove a responsabilidade compartida entre os distintos niveis de poder territorial, e basea o seu funcionamento na acción coordinada dos mesmos. Ademais, apóstase por unha maior participación dos axentes políticos e económicos, da sociedade civil e dos cidadáns no proceso europeo de toma de decisións. “Á marxe de tecnicismos, a Carta da Go-

bernanza Multinivel significa achegar Europa aos cidadáns, nun momento complicado onde se observa unha importante desafección da xente cara a construción europea”, puntualizou Jesús Gamallo.

Durante a reunión CIVEX tamén se aprobou un proxecto de ditame sobre a Estratexia de ampliación e retos principais 2013-2014 onde se confirma a vixencia dos criterios de Copenhagen, aqueles que deben cumprir os países candidatos para incorporarse á Unión, e se debateu sobre o futuro da política da UE en xustiza e asuntos de interior.

A comisión de Cidadanía, Gobernanza, Asuntos Institucionais e Exteriores do Comité das Rexións (CIVEX) é unha das seis comisións nas que se organiza o traballo do Comité das Rexións. Ten competencia en múltiples eidos como a política de inmigración e asilo, a cidadanía activa ou a cooperación descentralizada para o desenvolvemento. Galicia forma parte desta comisión e tamén da Comisión de Cohesión Territorial desta asemblea consultiva comunitaria na que están representados os entes locais e rexionais da Unión Europea.

## UN BARCO QUE UNE PAÍSES IRMÁNS

Tras meses de diálogo e, logo dunha denuncia xudicial, A Guarda e Caminha xa chegaron a un acordo para manter activo un dos atractivos que teñen estas dúas localidades; o barco que cruza o río Miño e que une aos dous concellos e os dous países irmáns, informou “Galicia Confidencial”. Tras o recente acordo entre os dous concellos, A Guarda pagará máis de 105.000 euros para cubrir os custos da operadora do ferri correspondentes ao cuarto trimestre de 2012 e ao primeiro semestre de 2013.

O desbloqueo desta situación foi posible logo de que na localidade portuguesa gañara o PS, o Partido Socialista de Portugal, xa que, ata hai uns meses a relación entre ambos os dous concellos era case inexistente, en parte, derivada polos enfrontamentos entre o rexedor guardés, socialista, e o seu homólogo de Caminha, do PSD, o partido de ámbito conservador de Portugal.

Precisamente, foi o ex rexedor de Caminha quen o pasado verán presentou no Tribunal Administrativo e Fiscal de Braga unha denuncia por “impago e desentendemento” por parte do Concello da Guarda sobre a súa parte na xestión do ferri, que é conxunta entre as dúas cámaras locais, e que os portugueses estiman en 2,6 millóns.

Tras este acordo, os dous municipios “abren un camiño de diálogo” e poñen fin os “lixitios dos últimos anos”. Os portugueses retiraron a denuncia e os galegos comprometéronse a pagar o que deben. De feito, a recadación que se faga no lado guardés, será ingresado nas contas do municipio de Camiña. Os dous municipios pretenden tamén chegar a un “acordo absoluto” sobre o importe total da débeda da Guarda e da forma de pagamento.

O ferri opera desde 1995 polos dous municipios pero, desde hai dous anos, afronta problemas de navegación polos problemas da canle que liga as dúas marxes. De feito, as recentes mareas vivas, agravaron a situación e deixaron o barco Santa Rita de Cássia inoperativo durante varias horas os últimos días.

Os portugueses agardan que a Xunta ou o Goberno de España realicen novas dragaxes na canle do río para desentullar os sedimentos depositados nel.

## REFORZO DAS ACTIVIDADES CONXUNTAS

Na sexta edición da Asemblea da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), celebrada en Vigo, presentouse o plano de actividades e se formalizou o cambio de dirección do organismo, cargo que agora asume a portuguesa María Galdes. Na Asemblea na que participou o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Garmallo, tamén participaron os dous vicepresidentes do CC-DR-N, Álvaro Carvalho e Carlos Neves; e o coordinador da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, Nuno Almeida. Así mesmo, por par-

vistas actuacións específicas no eido da educación (como é o programa Iacobus de mobilidade no ensino superior) e no ámbito da innovación tecnolóxica (co apoio á colaboración entre incubadoras de empresas, centros tecnolóxicos e asociacións profesionais) e no eido laboral.

Neste último aspecto, hai unha clara aposta pola modernización do sistema de cualificacións profesionais axei-tándoa ás necesidades reais dos mercados de traballo. Así mesmo prevese a celebración dunha feira do emprego e a posta en marcha dun programa piloto para estadias transfronteirizas para profesionais, entre outros.

Así mesmo, no eido empresarial, o programa da AECT contempla a colaboración entre os empresarios de Galicia e do Norte de Portugal para o acceso aos mercados internacionais mediante a constitución de misións conxuntas.

Finalmente, na xuntanza deuse conta do balance de actividades desta oficina de cooperación transfronteiriza en 2013, e que se centraron en tarefas de apoio á mobilidade laboral, colaboración coas autoridades locais e actuacións conxuntas en materia de sanidade, turismo ou deporte, entre outros.

En funcionamento desde 2010, a AECT Galicia-Norte de Portugal é o brazo executor da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal. Dada a súa actividade, estase a consolidar coma un actor de cooperación transfronteirizo moi activo, sobre todo no que atinxe á cooperación de proximidade.

te da Xunta de Galicia asistiron o director xeral da Administración Local, Alberto Pazos Couñago; e o director xeral de Planificación e Orzamentos, Miguel Corgos.

O conxunto de actuacións previstas van fundamentalmente encamiñadas a reforzar a colaboración entre Galicia e Portugal, sobre todo no que atinxe á dinamización e posta en funcionamento do Plano de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión 2014-2020.

Neste contexto, están pre-

## SANTIAGO Y CORUÑA, LAS MÁS ATRACTIVAS

Las áreas de Terras de Santiago, A Coruña-As Mariñas, Ría de Arousa y Ría de Vigo-Baixo Miño concentran el 64,1% de las pernoctaciones de viajeros en Galicia, de acuerdo con los datos del indicador de demanda turística elaborado por el Instituto Galego de Estatística (IGE).

El informe indica que las noches en alojamientos turísticos de la Comunidad gallega se situaron en 7.946.701, una cifra que si se divide por el tamaño de la población gallega da como resultado 2,86 noches al año por cada residente.

La demanda turística, apunta, “no se distribuye homogéneamente” por el territorio gallego, sino que se distinguen cuatro “grandes focos de atracción”: la ría de Arousa, con un 19,4% de las noches registradas en alojamientos; el área de Santiago, con el 18%; la zona de A Coruña y As Mariñas, con un 13,6%; y la Ría de Vigo y la comarca del Baixo Miño, con el 13%.

A continuación se sitúan la ría y el área de Pontevedra, con el 7,2%; Lugo y Terra Chá, con el 5,6%; Ferrolterra, con el 4,4%; A Mariña de Lugo, con el 3,5%; las Terras de Ourense y Allariz, con el 3,4%; y la Costa da Morte, con el 3,1%.

Las zonas con menos peso son Celanova-Limia, con el 0,6%; Manzaneda-Trevinca, con el 0,7%; Verín-Viana, con el 0,7%; y Ancares-Courel, con el 0,9%.

Además, el IGE ha elaborado un indicador que relaciona la población residente con el volumen de noches en alojamientos turísticos, según el cual son la ría de Arousa y las Terras de Santiago las que están a la cabeza. La “presión del turismo sobre los residentes” en la primera de las áreas era de 2,16 turistas por cada 100 habitantes en 2012. En el caso de Santiago era de 1,43 visitantes por cada centenar de residentes.

Otros tres destinos superan la media gallega según el instituto estadístico gallego. Se trata de A Mariña, con un 1,02%; los Ancares y O Courel, con un 0,92%; y la Ribeira Sacra, con un 0,83%.

El informe apunta que entre los cinco primeros puestos de la lista de noches se sitúan cuatro destinos que agrupan a ayuntamientos costeros. El 62,2% de las noches fueron en municipios del litoral.

La población de estos ayuntamientos, agrega, soporta una presión turística media de 0,85 viajeros por cada 100 residentes habituales, aunque el indicador varía entre las diferentes zonas. de nuevo, la zona de la ría de Arousa (con la excepción de Meis y Pontecesures, que no tienen mar) tiene una mayor proporción de visitantes (2,27 por cada 100 residentes).

En cuanto a la distribución según el origen de los viajeros, el 70,9% de las noches registradas en 2012 correspondieron a turistas de fuera de Galicia y en la mayor parte de los destinos los visitantes de fuera de la comunidad superaron a los originarios de la misma.

En Santiago, el 78,5% de las noches correspondieron a no residentes en Galicia. También superan la media la ría de Arousa, la de Vigo y el área de Baixo Miño, así como A Coruña-As Mariñas y la Mariña lucense.







## VALOR RECORDE DOS PRINCIPAIS PORTOS

Impulsionado pelo ritmo de crescimento das exportações portuguesas, o movimento de mercadorias nos sete principais portos do Continente atingiu no ano passado 79,3 milhões de toneladas, aumentando 16,7% em relação a 2012. Foi, de acordo com um boletim publicado pelo Instituto da Mobilidade e dos Transportes (IMT), o “maior valor anual de sempre” do movimento de cargas e de navios nos portos de Lisboa, Sines, Setúbal, Aveiro, Figueira da Foz, Viana do Castelo, e Douro e Leixões.

Das mercadorias movimentadas, 40,3% é carga geral, enquanto 38,7% são grânéis líquidos e 20,9% são grânéis sólidos. Todos os segmentos registaram um aumento, mais forte no caso da carga geral, que foi impulsionada pela carga contentorizada.

Apenas o porto de Viana do Castelo registou uma contracção (de 1,3%) face ao mo-

vimento de mercadorias em 2012, baixando para as 496 mil toneladas de carga.

Pelo contrário, a contribuição mais expressiva veio do porto de Sines, que no ano em que a Galp Energia inaugurou uma nova unidade de refinação, conseguiu crescer 27,8%, chegando a 36,5 milhões de toneladas. Com isto, quase metade do movimento de mercadorias passou por Sines, que representou já 46,1% do total dos sete portos.


Já o crescimento do porto de Aveiro foi de 19,2% (para 3,9 milhões de toneladas), seguindo-se Figueira da Foz, com um aumento de 18% (para 2,1 milhões de toneladas), e Setúbal, com um crescimento de 15,7% (para sete milhões de toneladas).

Com um crescimento inferior, de 8,21%, o porto de Lisboa totalizou 11,9 milhões de toneladas. Em Dezembro de 2013, período em que se registaram greves de trabalha-

dores portuários, o movimento cresceu 16,6%, comparando com igual período do ano anterior, em que houve paralisações dos estivadores.

O porto de Douro e Leixões, que totalizou 17,2 milhões de toneladas ao longo dos 12 meses do ano passado, foi o segundo maior movimento de mercadorias entre os sete portos analisados, mas aqui o crescimento foi de apenas 3,44%.

Segundo o IMT, o “cenário de forte crescimento da actividade portuária” é confirma-



**TODOS OS SEGMENTOS REGISTRARAM UM AUMENTO, MAIS FORTE NO CASO DA CARGA GERAL, QUE FOI IMPULSIONADA PELA CARGA CONTENTORIZADA**

do pelo número de navios que escalaram nestes sete portos, onde houve um aumento de 8,1% neste indicador. Também neste caso, Sines regista o maior crescimento, de 21,6%.

Para o secretário de Estado das Infra-estruturas, Transportes e Comunicações, Sérgio Monteiro, que ao Jornal de Negócios se congratulou com o crescimento de 25% das mercadorias movimentadas com destino a exportação, este aumento “deve-se à actividade das empresas portuguesas”, mas é também resultado daquilo que diz serem as reformas do executivo no sector portuário.

A tonelagem de carga embarcada, onde está incluída a carga de exportação, representou 43% do movimento total dos portos, o que significa que as entradas superaram as saídas em catorze pontos percentuais, sublinha o IMT.

# MARZO

## DÍA 1

- Alto Minho critica encerramiento do tribunal de Paredes de Coura.
- Sp. Braga oficializa saída de Jesualdo Ferreira.
- Porto de Viana novamente exportador em 2013 apesar dos efeitos do mau tempo.

## DÍA 2

- Rajoy ha de segar 23.000 millones más para contentar a Bruselas.
- El 84 % de los gallegos creen que la corrupción política es generalizada.

## DÍA 3

- Los salarios acumulan en Galicia cuatro años consecutivos de caída.
- Câmara de Viana pede intervenção urgente nas dunas de Castelo de Neiva.
- Dinossauro português dos tempos jurássicos foi o maior predador terrestre da Europa.
- La OCDE apuesta por aumentar la productividad como fórmula para mejorar los salarios en España.

## DÍA 4

- Galicia cierra febrero con



mil parados menos.

- Vodafone se suma al pacto digital de Galicia con una inversión de 70 millones
- Alterações climáticas podem deixar Jerónimos e centro histórico do Porto de baixo de água.

## DÍA 5

- Braga tem meios suficientes para proteger a população.
- Aumenta el número de ahorradores, aunque no llegan al 30 %.
- Clubes avançam com pedidos de destituição dos dirigentes da Liga.

## DÍA 6

- Confrontos entre policías em frente à Assembleia.
- La emblemática empresa Sargadelos presenta suspensión de pagos.



■ Os temporais deixan en Galicia perdas de case 100 millóns.

- Damm se salta los preacuerdos con la banca para reflotar Pescanova.
- 425 mil desempleados sem subsídio de desemprego

## DÍA 7

- Feijóo exige a las ciudades que dejen ya de pelearse por los vuelos.
- InvestBraga quer ser catalisadora do progreso.
- El jefe de maquinistas mantiene que dio la alerta sobre



Angrois por los cauces “ade-  
cuados”.

**DÍA  
8**

■ Tribunal decreta pres-  
crição de todas as conde-  
nações do Banco de Portugal  
a Jardim Gonçalves.

■ Cavaco alerta para risco  
de “custos de regressão ele-  
vados” com saída limpa.

**DÍA  
9**

■ Seguro quer salário igual  
para homens e mulheres.

■ PPP rodoviárias acumula-  
ram défice de 432 milhões  
até Setembro

**DÍA  
10**

■ Reino Unido é o país pa-  
ra onde estão a ir cada vez  
mais portugueses.

■ Cristiano Ronaldo é o fute-  
bolista mais rico do Mundo.

■ El Parlamento gallego pro-  
pone al Congreso que los  
emigrantes voten en urna sin  
obligación de pedirlo.

■ Gómez Besteiro aparta a  
los políticos de las contra-  
taciones en la Diputación de  
Lugo.

**DÍA  
11**

■ O Banco de Portugal re-  
comenda que comissões das  
contas à ordem não depen-  
dam do saldo médio.

■ Mário Soares recebe “Pré-  
mio Personalidade do Ano”  
da imprensa estrangeira.

■ A West Sea compra em lei-  
lão um guindaste de 466 to-  
neladas dos Estaleiros Na-  
vais de Viana.

■ Câmara não vai cobrar  
multas dos parómetros.

■ Dívida não é sustentável  
sem décadas de austeridade.

■ Espanha corre risco de  
atentado islâmico.

■ La protesta de la flota del  
cerco acaba en batalla cam-  
pal frente al Parlamento y  
con tres detenidos.

■ Emoción, dolor y unidad en  
los actos del décimo aniversa-  
rio del 11-M.

**DÍA  
12**

■ Abortado el primer intento  
de compra venta de órganos  
en España.

■ Dois consultores de Cava-  
co subscrevem o manifes-  
to pela reestruturação da dí-  
vida.



■ Exportações aumentam  
5,8% e TAP aumenta lucros  
em 42%.

**DÍA  
13**

■ Los pescadores del cerco  
mantienen su protesta pe-  
se a que Galicia gana cuota  
de xarda.

■ La pugna entre la banca y  
Damm por el convenio coloca  
a Pescanova al borde de la li-  
quidación.

■ Morreu D. José Policarpo  
que foi a figura máxima da  
igreja católica em Portugal  
durante 15 anos.

**DÍA  
14**

■ El tren ya supera en pasa-  
jeros al avión en rutas de lar-  
ga distancia desde Galicia.

■ Obras en una veintena de  
playas para reparar los da-  
ños de los temporales.

■ España sufre el mayor au-  
mento de la brecha social en  
Europa por la crisis.

■ Jardim pediu às Forças Ar-  
madas para que não deixem  
“fenecer” Portugal e para  
que “não confundam autono-  
mia com separatismo”.

■ Câmara de Braga quer va-  
lorizar centro histórico.

■ Viana já investiu 13 mil-

hões na reabilitação urbana.

**DÍA  
15**

■ Militares no Parlamento  
contra cortes e humilhação.

■ Mas no descarta una de-  
claración unilateral de inde-  
pendencia de Cataluña.



■ Parlamento chumba coa-  
ção por casais gay.

**DÍA  
16**

■ Ordem investigou 280 ca-  
sos de falsos advogados em  
2013.

■ 4500 famílias dependem  
da Cáritas todos os meses.

■ Galicia bate su récord de  
producción de leche.

**DÍA  
17**

■ Primeiro-ministro crítica a  
Justiça portuguesa.

■ Los fallecidos en acciden-  
tes de tráfico se redujeron un  
37% entre 2009 y 2012 en  
Galicia.

**DÍA 18**

■ El 10% más rico de la población española se libra de la crisis.

■ Putin firma la adhesión de Crimea a la Federación Rusa.

■ España, el país de la OCDE donde más aumentaron las desigualdades con la crisis.

■ Morreu Medeiros Ferreira, antigo ministro dos Negocios Estrangeiros.

■ Merkel apoia Portugal em qualquer cenário do pós-troika.

■ Los grandes inversores gallegos disparan la rentabilidad de su negocio a niveles precrisis

■ Maioria chumba coadoção por casais do mesmo sexo.

**DÍA 19**

■ Norte fica com mais de metade dos incentivos ao co-

mercio.

■ El BBVA coloca a Galicia a la cabeza de la recuperación española por la exportación.

■ Guimarães dá “ao mundo exemplo de como se constrói uma universidade sem muros”.

■ Inditex incrementó sus ventas un 5 % hasta alcanzar los 16.724 millones.

**DÍA 20**

■ La planta de PSA en Vigo es ya la sexta fábrica que más coches produce de Europa.

■ Los cerqueiros gallegos levantan el amarre y deciden salir a faenar después de que Euskadi les ceda 400 toneladas de caballa.

■ PP y PSOE, incapaces de pactar sobre inmigración.

■ Adiós al peor invierno en 45 años.

■ Cavaco pede contenção na

campanha para as europeias.

■ Câmara do Porto estuda instalação de videovigilância na movida da Baixa.

■ Portugal é “um país pobre, sem jovens e sem futuro”, diz Ferreira Leite.

**DÍA 22**

■ La reforma local se adapta y mantiene los servicios sociales de los concellos.

■ Más de 479.500 gallegos residen en el extranjero.

■ Empresas nacionais perderam 61 mil milhões desde o início da crise.

**DÍA 23**

■ Seguro diz que não “prometerei tudo a toda a gente”.

■ Forças Armadas pedem verificação da legalidade do fim do fundo de pensões.

**DÍA 24**



■ Francisco Botas, nuevo primer ejecutivo de NovaGalicia Banco.

■ Bruselas sostiene que “no hay ningún riesgo” de que Galicia pierda fondos europeos.

■ La UE impide faenar en Guinea Conakry a barcos gallegos.

■ Vuelo MH370: Malasia descarta que haya supervivientes del avión desaparecido.

**DÍA 25**

■ Las potencias excluyen a Rusia del G-8 por la anexión de Crimea.

■ Passos anuncia medidas de austeridade para abril.

■ 7 millones de mortos em 2012 devido à poluição do ar.

■ Austeridade tira 29 mil milhões de euros aos portugueses.

■ La pensión media en Galicia, casi 140 euros más baja que la media estatal.



DÍA  
26

- Pescanova advierte a la banca que no podrá sobrepasar el techo de la deuda postconcurzal.
- Feijóo admite que Galicia “sigue en crisis”, pero “mejor que hace un año”.
- O Banco de Portugal estimou que o nivel do PIB entre 2014 e 2016 fiquen “aínda abaixo do nivel de 2008”.
- Berlín limitará el acceso a las prestaciones sociales de los inmigrantes europeos.

DÍA  
27

- En un acuerdo histórico, PP y PSOE pactan los presupuestos municipales de Vigo.
- España, segundo país de la UE con mayor pobreza infantil tras Rumanía.

DÍA  
28

- El “pool” acreedor de la banca se queda sin Bankia para reflotar Pescanova.
- Un tercio del vino de Rías Baixas se bebe en el extranjero.

## FOMENTO DO EMPRENDEMENTO

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas acolleu a reunión do grupo de traballo sobre bioeconomía da Rede de Rexións Europeas para a Investigación e Innovación, unha asociación de rexións europeas centrada na I+D+i na que Galicia participa a través da Consellería de Economía e Industria.

ERRIN creouse no 2001 co obxectivo de reforzar a capacidade de investigación e innovación das rexións fomentando os intercambios de información e de boas prácticas entre os seus socios, así como apoiando o desenvolvemento por parte de axentes externos de proxectos europeos estratéxicos que reforcen a competitividade das rexións que a conforman. ERRIN tamén realiza un labor fundamental na dotación dunha maior visibilidade e protagonismo dos entes rexionais na elaboración de políticas europeas relacionadas co I+D+i, facendo que a súa voz sexa escoitada por parte das institucións.

As reunións do grupo de traballo de bioeconomía, un dos trece que conforman a estrutura de ERRIN, céntranse na promoción de proxectos relacionados coa biotecnoloxía, que afectan directamente a materias como a agricultura, a alimentación, a medicina ou a produción de enerxía, todas estratéxicas para a economía galega. Estes sectores contan ademais cun gran potencial para a innovación ao aglutinar un amplo abano de ciencias e industrias tecnolóxicas.

Os obxectivos de ERRIN en materia de bioeconomía están centrados na execución do plan de acción estratéxico da Comisión Europea “Innovando por un crecemento sostible: unha bioeconomía para Europa”, presentado en 2012, baseado nunha maior participación e compromiso das administracións na investigación sobre bioeconomía, así como nun incremento dos investimentos na investigación da materia e no fomento do emprendemento e a competitividade. Para isto, o grupo de traballo colabora con outras redes como o Consello Europeo de Bio-Rexións (CEBR) ou coa rede de Rexións Europeas pola Innovación Agrícola (ERIAF).

A xuntanza centrouse no que será o obxectivo principal de toda a rede ERRIN para este ano, a posta en marcha do programa de financiamento Horizonte2020 e as posibilidades de financiamento para axentes rexionais que este ofrece, afondando nas accións que se poden beneficiar del e nas características que han de ter os potenciais proxectos subvencionados.

DÍA  
29

- Criminalidade violenta e grave desceu 9,5% em 2013.
- El plan director de Red Natura prohíbe nuevas minas y usos energéticos.

DÍA  
30

- Ferrolterra se moviliza en masa en defensa del naval.
- Direita com 45,9% dos votos nas municipais francesas.

- Pai, filha e menina de oito anos mortos em acidente em Espanha.

DÍA  
31

- Los gallegos buscan de nuevo futuro en México.
- Crise faz aumentar jogo ilegal em Portugal.
- La construcción de viviendas en Galicia cae a su nivel más bajo en 20 años.



- Galicia destrona a Cataluña como líder en la exportación maderera.
- Duarte Marques cuestiona o Banco de Portugal sobre avisos de Barroso sobre BPN.

## RECOÑECEMENTO DA UE Á XESTIÓN

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, saíntou que a visita do comisario de Política Rexional, Johannes Hahn, a Galicia acredita a comunidade como exemplo da converxencia e de optimización e rendibilización na xestión dos fondos comunitarios, un acerto este, dixo Feijóo, no que Galicia vai insistir no novo marco financeiro 2014-2020. Así o sinalou logo de reunirse co comisario de Política Rexional, Johannes Hahn, que visitou Galicia para coñecer, de primeira man, algún dos proxectos que se apoiaron grazas aos fondos europeos e para certificar, in situ, que Galicia fixo os deberes e xestionou con eficacia as axudas comunitarias.

Durante o tempo que o comisario de Política Rexional permaneceu en Galicia, tivo a oportunidade de coñecer o Campus Vida, visitando, neste marco, o Centro Singular de Investigación en Medicina Mo-

lecular e Enfermidades Crónicas, CIMUS; e un dos centros sanitarios e de investigación de referencia, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, onde lle foron presentados os programas Hospital 2050 e Innova Saúde. Johannes Hahn visitou as instalacións de Televés, empresa dedicada ao deseño de equipos de telecomunicacións; e asistiu á presentación da Estratexia de Especialización Intelixente, RIS3.

Na súa intervención ante os medios de comunicación, o presidente da Xunta explicou que mantivo un intenso e frutífero encontro co comisario de Política Rexional, unha xuntanza que serviu para corroborar que Galicia é e quere seguir sendo referente en cooperación transfronteiriza e interrexional; que fixo ben as cousas e está comprometida a seguir xestionando con eficiencia os recursos comunitarios; e que tamén, no novo

marco financeiro 2014-2020 que se abre, quere seguir aspirando a estar na vangarda de Europa na consecución e execución -con principios de eficacia e eficiencia- dos fondos europeos.

Feijóo explicou que os fondos comunitarios teñen sido fundamentais para modificar a estrutura económica e social de Galicia, posto que teñen posibilitado: construír redes de infraestruturas e mellorar a accesibilidade da comunidade; apoiar o tecido produtivo; apostar pola educación e pola formación; fomentar o desenvolvemento rural e o sector pesqueiro; ou incentivar a innovación. Segundo resaltou Feijóo, desde a adhesión de España á Unión Europea e ata o período 2007-2013, “a nosa comunidade recibiu 19.000 millóns de euros en concepto de fondos europeos”.

A este respecto, o presidente galego lembrou que no novo marco financeiro que se abre, 2014-2020, Galicia sae por vez primeira, do obxectivo de converxencia, pasando ao grupo de rexións máis desenvolvidas, por superar o 90%

do PIB da UE. Pero, grazas á aceptación por parte de Europa da proposta liderada por Galicia para que se establecese unha axuda transitoria que garantise unha aterraxe suave neste novo escenario orzamentario, Galicia continuará recibindo unha axuda transitoria, sen interromper o esforzo investidor e de converxencia coa media comunitaria.

Isto debe ser valorado moi positivamente, aseverou Feijóo, xa que fai de Galicia un caso único ao beneficiarse desta rede de seguridade, aínda sobrepassando o 90% do PIB, algo polo que quixo reiterarlle o seu agradecemento ao comisario europeo de Política Rexional, dado o seu compromiso para que a UE escoitara e atendera as reivindicacións de Galicia, que nos permiten contar hoxe con esa rede de seguridade.

Así, engadiu, grazas a esta rede de seguridade e aos criterios introducidos a nivel nacional no reparto de fondos entre comunidades autónomas, para o período 2014-2020 Galicia contará con 2.771 millóns de euros de fondos Feder e do Fondo Social Europeo. Ademais, incidiu, a Xunta aumentará a súa capacidade de xestión de fondos estruturais, pasando a xestionar de forma directa case un 45% da axuda, fronte ao 41% actual.

“Galicia non perdeu nin un euro por falla de recursos ou retrasos na execución destes programas comunitarios”, aseverou Feijóo, afirmando que a comunidade fixo un grande esforzo, por exemplo, a través da súa achega de confianza e colaboración co Estado español para a xestión de programas no cadro do Fondo Tecnolóxico, que doutra maneira non se terían realizado, coa participación nos programas Ininterconecta, os proxectos Hospital 2050



ou Innova Saúde, que lle foron presentados ao comisario.

O mandatario autonómico subliñou, ademais, que se foi posible facer estas achegas e cofinanciar estes programas foi grazas á solvencia económica e financeira da comunidade galega e ao exercicio de contención de gasto, de racionalización dos recursos, de xestión eficaz e de control do déficit público.

A pesar de que os últimos anos foron de dificultades, “logramos que Galicia manteña o seu proceso de converxencia con España”, insistiu Feijóo, quen lembrou que o comportamento da economía galega foi 1,2 puntos mellor que a media. Unha converxencia, dixo, que foi especialmente significativa nos anos 2012 e 2013, con unha mellora de 8 décimas con respecto á media estatal.

Pero ademais de dispoñer dos fondos necesarios para cofinanciar proxectos, Galicia tamén se esforzou en facer un bo uso deles. Tanto é así que, tal e como lembrou o presidente da Xunta, foi elixido como relator do ditame do Comité das Rexións sobre a eficiencia no gasto para lograr mellores resultados e aproveitar ao máximo os recursos cos que as rexións contarán no novo período orzamentario 2014-2020. Unha designación que, en palabras de Feijóo, supuxo un recoñecemento por parte da UE á xestión, con acerto e éxito, que desde Galicia se está realizando das axudas estruturais; e un recoñecemento ao que tamén se sumou o comisario de Política Rexional no encontro que mantivo co presidente da Xunta no mes de outubro pasado.

“Ese mesmo rigor co que vi-

ñemos executando os fondos europeos o imos seguir mantendo no período 2014-2020”, indicou Feijóo, adiantando que no próximo marco orzamentario Galicia seguirá primando o criterio da eficacia na xestión dos fondos.

“Os parámetros de eficacia e esixencia da UE serán moi estritos para o período 2014-2020 pero esa esixencia non nos asusta. Pola contra, parécenos moi razoable e saudable que Europa esixa rigor no proposta e na execución dos fondos europeos e, a tal efecto, concretamos a mensaxe da no-



va orientación dos fondos europeos na RIS3, que serán presentados a máis de 300 axentes que traballan no ámbito da comunidade”, engadiu.

A este respecto, destacou que a aposta ata 2020 pasa por concentrar os apoios en actividades con maior impacto potencial sobre o crecemento e o emprego, en liña coa Estratexia de Especialización Intelixente, RIS3, unha folla de ruta que permitirá mobilizar máis de 1.600 millóns de euros –dos 2.771 millóns– para innovación ata 2020 e que permitirá transformar o modelo económico cara un modelo baseado no coñecemento e na innovación.

## RUI MOREIRA, EM TURISMO DO PORTO E NORTE

O presidente da Cámara do Porto, Rui Moreira, foi eleito para a presidencia da dirección da Associação de Turismo do Porto e Norte, escrutinio ao qual se apresentou com lista única, conseguindo 94% dos votos. As eleccións para os novos corpos sociais da Associação de Turismo do Porto e Norte (ATP) para o triénio 2014-2016 decorreram, tendo-se registado uma adesão de 60% dos associados.

A ATP, estrutura responsável pela promoção externa da região e que conta com mais de 135 associados, anuncia em comunicado que a vice-presidência é assegurada por Rodrigo Pinto de Barros, em representação da Associação Portuguesa de Hotelaria e Restauração (APHORT), e por Nuno Botelho, pela Associação Comercial do Porto.

Já a assembleia-geral será presidida por Lino Ferreira, em representação da Área Metropolitana do Porto. “Esta equipa assume compromisso de trabalhar no sentido de conceber e implementar uma estratégia que posicione e afirme a marca Porto e Norte como uma das três marcas principais no panorama turístico nacional, em articulação com a estratégia definida pelo Turismo de Portugal e envolvendo os operadores privados”, assegura Rui Moreira, citado no referido comunicado.

De acordo com o presidente eleito, “os prémios internacionais e o aumento da procura do destino, que tem ocorrido nos últimos anos de forma crescente e sustentada, são uma grande responsabilidade. Por isso é importante termos parceiros estratégicos e operacionais, que verdadeiramente partilhem a nossa visão e tenham a ousadia de transformar dificuldades em oportunidades”, defendeu.

De acordo com o mesmo texto, esta estratégia “assenta em um novo modelo organizacional que irá abranger a gestão, financiamento, angariação e relacionamento com os associados (públicos e privados) e que, sob alçada da ATP, vai integrar o acolhimento, a comercialização, o apoio à venda e a comunicação/promoção da marca Porto e Norte de Portugal”.

A Câmara Municipal do Porto já detinha a presidencia da ATP durante o mandato anterior, através do então vice-presidente da autarquia, Vladimiro Feliz, tendo dado lugar a Rodrigo Pinto de Barros, da APHORT, como presidente interino, na sequência da mudança de executivo camarário.





## ESTRATEGIA DESDE CIDADES E REXIÓNS

O VI Cumio das Rexións e Cidades, organizado polo Comité das Rexións (CdR) e a actual Presidencia grega da UE, celebrouse na capital grega como parte dos actos de celebración do 20º Aniversario de dito organismo comunitario. De tal xeito, foron invitados a participar máis de 700 autoridades de toda Europa, entre elas, e en calidade de membro do CdR, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo. Os convidados fixeron balance do camiño de volta ao crecemento e debateron sobre o futuro da UE dende unha perspectiva local e rexional baixo o lema "Recuperación europea, solucións locais".

Paralelamente ao foro principal do cumio, tiveron lugar dous seminarios nos que auto-

ridades rexionais e representantes de diversas organizacións europeas debateron sobre a busca de solucións Para a saída da crise dende unha perspectiva subestatal. O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, tomou parte no panel temático centrado na busca dunha maior contribución das rexións e cidades á recuperación económica, no que foron presentadas iniciativas exitosas ao respecto. Durante o panel, Jesús Gamallo avogou por unha maior implicación e protagonismo dos entes rexionais na execución da axenda económica e de crecemento da UE.

O cumio tivo lugar nun momento crucial para a Unión Europea, a unhas semanas das eleccións de maio, nas que 350 millóns de cidadáns

europeos están chamados a expresar a través do voto a súa opinión respecto ao papel das institucións comunitarias na busca dunha saída para a crise, así como sobre o futuro do proxecto europeo.

Por outra banda, durante este mesmo mes de marzo tamén se celebrou o Consello Europeo de primavera, onde os xefes de Estado e de Go-

verno fixeron unha avaliación intermedia da aplicación da estratexia Europa 2020, posta en marcha no 2010 froito dun acordo entre os Estados membros para establecer un camiño a seguir de cara á recuperación do continente.

Respondendo a este contexto, o cumio tomou como eixos programáticos estas dúas cuestións de actualidade, dedicándolle a cada unha delas unha das xornadas nas que se desenvolveu.

Os esforzos feitos ata o momento no camiño cara á creación de emprego e o crecemento por parte das administracións europeas, nacionais, rexionais e locais foron o centro da sesión durante a

**A AVALIACIÓN E RESULTADOS DA ESTRATEGIA DE CRECIMENTO EUROPA 2020 E O FUTURO DO PROXECTO EUROPEO FORON OS DOUS EIXOS DO VI CUMIO DAS REXIÓNS E CIDADES, CELEBRADO EN ATENAS**



primeira xornada do Cumio. Logo do discurso de apertura por parte do presidente do Comité das Rexións, Ramón Luís Valcárcel e do gobernador da rexión grega de Ática, Ioannis Sgouros, deuse paso ás intervencións sobre a estratexia Europa 2020. Os discursos do presidente do Banco Europeo de Investimentos (BEI), Werner Hoyer, do secretario xeral adxunto da OCDE, Yves Leterme, e do ministro de Asuntos Exteriores do goberno grego, Evangelos Venizelos, xiraron en torno ao resultado das iniciativas postas en marcha con vistas á consecución do crecemento intelectual, sostible e inclusivo.

Tamén como parte do debate sobre o progreso da axenda europea de crecemento, Mercedes Bresso, vicepresidenta do Comité das Rexións, presentou a "Declaración de Atenas", aprobada pola Mesa do Comité das Rexións reunida durante a mañá do venres. Neste texto, a achega do CdR á futura avaliación intermedia de Europa 2020, solicítase unha maior participación dos entes locais e rexionais na persecución dos obxectivos desta estratexia, dado que xestionan áreas de vital importancia para a cidadanía. Esta maior implicación das entidades subestatais pasaría por unha asociación máis estreita entre os distintos niveis de goberno a través de acordos de gobernanza multinivel, así como pola introdución dunha "dimensión territorial" na estratexia que favoreza o establecemento de obxectivos diferenciados para as distintas rexións, de xeito que estas poidan contribuír á consecución dos obxectivos nacionais. Estas reclamacións entroncan coa aprobación da Carta da Gobernanza Multinivel por parte da Mesa do CdR, pendente aínda da aprobación polo pleno do Comité duran-

te o 2 e 3 de abril. Tamén sobre a consecución das metas da estratexia Europa 2020 se pronunciou en nome da Presidencia grega da UE Yiannis Michelakis, ministro de Interior heleno.

Durante esta última xornada do pleno, desenvolveuse o debate de alto nivel sobre o futuro de Europa, presentado polo propio Comité das Rexións como o punto de partida da campaña política das eleccións europeas. No foro, os líderes europeos reflexionaron sobre a necesidade de loitar contra a desafección cidadá respecto ao proxecto comunitario, promovendo a participación e demostrando que a solución é "máis Europa". Tamén houbo lugar para debater as prioridades da Unión de cara á próxima lexislatura, así como a posibilidade de outorgar maior protagonismo aos entes rexionais e locais, como reclama a Carta da Gobernanza Multinivel.

O Comité das Rexións é a asemblea consultiva comunitaria na que están representados os entes locais e rexionais da Unión Europea. Está composto por 353 membros, 21 dos cales son españois. En representación da Comunidade Autónoma de Galicia, o membro titular é o propio Presidente da Xunta de Galicia, mentres que o cargo de membro suplente recae no Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

Na actualidade Galicia participa en dúas das seis comisións do Comité das Rexións: na comisión de Cidadanía, Gobernanza, Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) e na comisión de Cohesión Territorial (COTER). A Fundación Galicia Europa realiza labores de asesoramento e apoio á participación galega neste órgano comunitario, tanto nas comisións de traballo como nas sesións plenarias.

## DOIS MILHÕES DE ORDENS DE PENHORA

Mais de dous millóns de ordens de penhora foram emitidos pela Autoridade Tributária em 2013, um total que confirma um crescimento progressivo desde 2011. De acordo com o balanço das penhoras e execuções fiscais, reportado pelo Ministério das Finanças, das 927,6 mil ordens efectuadas em 2011, o valor subiu para os 1,6 milhões em 2012, somando no ano passado 2.070.315, informou Lusa.

Numa análise por tipo de ativos, verifica-se que, no ano passado, a maior parte das ordens de penhora incidiu sobre os créditos (611.941), seguindo-se as contas bancárias e outros produtos financeiros (576.751) e os salários e vencimentos (532.042). Em menor número, também os imóveis (123.588), as rendas (33.824) e os veículos (884.162) constam na lista de ativos que foram alvo de ordens de penhora por parte da Autoridade Tributária em 2013.

Em declarações à agência Lusa, o secretário de Estado dos Assuntos Fiscais, Paulo Nuncio, disse que "existe uma preocupação por parte da administração fiscal de penhorar primeiro os bens ou rendimentos mais líquidos, deixando a penhora de imóveis para último lugar".

O governante acrescentou que, no caso da penhora de salários, "apesar de a lei determinar que, em regra, um terço do valor do vencimento mensal é suscetível de penhora, a AT tem instruções precisas para apenas ordenar a penhora de um sexto do rendimento dos contribuintes vencedores".

Isto "corresponde a metade do valor regra previsto na lei" e permite "salvaguardar os contribuintes com rendimentos mais baixos", reiterou Paulo Nuncio. A penhora de bens ocorre "findo o prazo de 30 dias posteriores à citação do devedor sem ter sido efetuado o pagamento", em respeito pelos princípios da proporcionalidade, da prioridade e da adequação dos bens. Assim, a penhora é iniciada pelos bens de maior liquidez incidindo sucessivamente nas rendas, contas ou depósitos bancários e outros créditos financeiros, sendo que, apenas na ausência deste tipo de bens, é promovida a penhora de vencimentos e salários.

Ao longo de 2013, foram enviadas 9.159.442 mensagens eletrónicas pela AT para os contribuintes com dívidas fiscais para informar "o mais cedo possível da existência de dívidas" ou de que os seus rendimentos ou bens correm o risco de virem a ser penhorados.

De acordo com o Ministério das Finanças, "o impacto destas comunicações informais é bastante elevado", uma vez que "muitas das ordens de penhora não chegam a concretizar-se e um elevado número de vendas marcadas não chega a efetuar-se, por efeito do pagamento das dívidas pelos devedores".

Quanto à cobrança coerciva, em 2013, foi atingida uma cobrança de cerca de 1.900 milhões de euros, superando em mais de 800 milhões o objetivo anual fixado à AT (de 1.100 milhões de euros). A cobrança coerciva atingiu o valor mais elevado de sempre, ultrapassando em cerca de 300 milhões de euros o valor registado em 2007, de acordo com os dados divulgados.

## “DIRECTORES COMERCIAIS” DE GALICIA

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, convidou aos empresarios galegos de México a que pensen na comunidade galega e a que fagan de “directores comerciais de Galicia en México”. Trátase, dixo, “dunha función que me consta que xa asumen, pero ás veces de máis inconsciente, e que a min me gustaría explicitar dunha forma máis concreta: eu propoño-lles a vostedes que asuman coa súa terra, coa terra dos seus pais, coa terra dos seus avós, o compromiso de ser, por que non, os directores comerciais de Galicia en México”.

Durante o encontro empresarial sobre Oportunidades de investimento e internacionalización, no que participou xunto ao conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, o mandatario autonómico convidou ao empresariado a pen-

sar en Galicia: “Cando vostedes teñan unha oportunidade de que é necesario aquí facer algo, pensen que alí, ao mellor, o estamos facendo; cando teñan vostedes unha necesidade da industria agroalimentaria, pensen que temos a primeira cooperativa de Europa que dá emprego a 6.000 persoas, basicamente na provincia de Ourense e na provincia de Lugo. Cando vostedes pensen qué viño se pode tomar, pensen que os mellores viños do mundo son os galegos. Pensen vostedes, polo tanto, que poden facer un gran servizo ao seu país desde aquí”, subliñou o presidente da Xunta.

Na súa intervención, o xefe do Executivo autonómico lembrou que a el lle tocou xestionar Galicia en época de dificultades económicas: “Levamos xa cinco anos de vacas fracas”, pero “estamos xa vendo o final do túnel”, sinalou.

Nesta liña, explicou ao empresariado galego de México que Galicia tivo unha recesión menor que España; cun paro menor que España, un déficit público tamén menor; e unha débeda pública menor “que a inmensa maioría das comunidades autónomas. Galicia foi



o ano pasado a primeira comunidade autónoma no Índice de Produción Industrial, é dicir, a nosa industria foi a primeira de España”, engadiu Feijóo ao respecto, subliñando que tamén foi “moito máis o que vendemos que o que compramos” ao exterior.

“Convertémonos nunha das comunidades, a segunda comunidade de España de maior exportación. Exportamos case 18.500 millóns de euros, un 11,7% máis que o ano pasado”, argumentou, indicando, ademais, que “no ano 2012 tamén exportamos, e no ano 2011 fomos a primeira comunidade autónoma de España en exportacións”.

O mandatario galego resaltou que nos últimos catro anos Galicia incrementou un 29% o seu número de empresas exportadoras ata acadar actualmente as 6.400, e subliñou que o 33% de todo o que se produce na nosa comunidade ten como fin a exporta-

ción. “O noso obxectivo é chegar ao ano 2020 exportando o 44% de todo o que producimos e, se o conseguimos, equipararíamonos a Alemaña na porcentaxe de exportación sobre a riqueza da nosa terra”, concluíu.

Por outra banda, Alberto Núñez Feijóo, agradeceu ao director xeral de Pemex, Emilio Lozoya Austin, que se teña cumprido o acordo estratéxico asinado con Galicia, pois iso, sinalou, demostra que “as relacións entre Galicia, España e México son unhas relacións non soamente estreitas, senón cada vez máis intensas e máis satisfactorias”.

Durante o encontro, Núñez Feijóo e Lozoya repasaron os acordos que xa se teñen materializado entre Galicia e a petroleira. A este respecto, o titular da Xunta quixo transmitirle ao director xeral de Pemex “o agradecemento do Goberno galego e do pobo galego coa concreción e a contra-

**GALICIA INCREMENTOU UN 29% O NÚMERO DE EMPRESAS EXPORTADORAS ATA ACADAR ACTUALMENTE AS 6.400 E É A SEGUNDA COMUNIDADE DE ESPAÑA DE MAIOR EXPORTACIÓN CON CASE 18.500 MILLÓNS DE EUROS, UN 11,7% MÁIS QUE O ANO PASADO**



tación de dous foteis, un na ría de Vigo, e outro na ría de Ferrol; e tamén outros barcos adicionais na ría de Vigo, concretamente no estaleiro Barreras”.

“Culminouse un acordo estratéxico que asinou a Xunta de Galicia e Pemex xa no ano 2011. Ese acordo estratéxico xa se concretou en pedidos, cun importe aproximado de 600 millóns de dólares”, remarcou Feijóo, destacando o recoñecemento do pobo galego e o seu propio recoñecemento como presidente da Xunta “por ter satisfeito e por ter honrado a palabra dada por Pemex a Galicia”.

Durante a xuntanza, o presidente da Xunta e o director xeral de Pemex tamén abordaron o desenlace da contratación da flota menor, tanto remolcadores como barcazas e buque-tanque (ou buque multipropósitos), unha flota menor que, segundo lle confirmou o propio Lozoya, a Secretaría



General de Marina concretará nas próximas semanas os estaleiros adxudicatarios.

O mandatario autonómico tamén aproveitou o encontro para transmitir “que queremos seguir traballando con Pemex, queremos seguir traballando desde Galicia con Pemex, con México e queremos seguir colaborando entre España e México porque temos moitas cousas por facer xuntos”. Feijóo lembrou que México é a terceira economía de América,

un país de preto 120 millóns de cidadáns, “que cada vez está facendo as cousas mellor, que está facendo reformas estruturais na súa economía e que, sen dúbida, a converterá nun dos grandes países do mundo”, indicou. “A nosa alianza estratéxica con Pemex é unha alianza que queremos que dure moito tempo e espere-mos que así sexa”, concluíu Feijóo ao respecto.

Co obxectivo de afondar nestes intereses comúns, a

axenda do titular da Xunta en México tivo un encontro co ministro de Desenvolvemento Agrario, Territorial e Urbano, Jorge Carlos Ramírez. Ambos os dous coincidiron en que as empresas galegas do sector da enxeñaría teñen moitas oportunidades de mercado no plan iniciado polo Goberno mexicano en materia de construción civil e infraestruturas para o desenvolvemento e recuperación de zonas urbanas nas principais cidades mexicanas.

Feijóo asegurou que foi un primeiro encontro “moi frutífero” que “imos intensificar”, e apuntou que, nel, “establecemos puntos de contacto para que empresas galegas poidan presentar as súas credenciais, os seus antecedentes, os seus volumes de facturación e de cadros de persoal para traballar en obra pública do Goberno Federal e dos Estados Unidos de México”.

El segundo accidente, que es la mayor tragedia de las Rías Baixas en diez años, sucedió apenas hace quince días. El “Mar de Marín” se iba a pique en la ría de Vigo, frente a las islas Cíes, tras colisionar con el mercante Baltic Breeze. Cuatro de sus marineros perdieron la vida y un quinto continúa desaparecido, pues el mal tiempo complicó las labores de búsqueda. Las víctimas son de Cangas, Barro, Marín, Marruecos y Ghana. Hubo cinco supervivientes.

En este siniestro también se apunta al error humano como posible causa. El barco giró en dirección al carguero al creer que le venía de frente.

## A DEMOGRAFÍA TAMÉN CONTA

A conselleira de Tráballo e Benestar, Beatriz Mato, en representación de Galicia, e xunto con outras cinco comunidades autónomas, demandou ante a Comisión Europea que se introduza o parámetro da demografía na execución dos fondos europeos 2014-2020. Así o destacou a titular do departamento autonómico, tras unha xornada de traballo na que mantivo encontros en diversos estamentos da Unión Europea. Os representantes das seis comunidades autónomas tomaron parte nun encontro no Comité das rexións, xunto con outros territorios europeos. Mantiveron tamén unha xuntanza co comisario europeo de Emprego, Asuntos sociais e Inclusión, László Andor, así como con eurodeputados. Por último, reuníronse co embaixador representante permanente adxunto ante a UE, José Pascual Marco Martínez.

Na visita participaron as comunidades autónomas que tamén asinaron, o pasado mes de febreiro, a II Declaración institucional polo cambio demográfico: Asturias, Castela A Mancha, Aragón, Castela e León, Estremadura e Galicia. Estes territorios están tamén integrados na Rede europea de rexións con desafíos demográficos.

O obxectivo desta xornada de traballo foi abordar o problema demográfico, que xa está a afectar a moitas rexións españolas e europeas. En concreto, recordou Mato, segundo as últimas proxeccións do Instituto Nacional de Estatística (INE) España perderá progresivamente habitantes nas próximas décadas. Dentro desta tendencia nacional, as seis comunidades autóno-

mas que se desprazaron hoxe a Bruxelas son as que “peores perspectivas” teñen, xa que o seu saldo vexetativo e a taxa de natalidade están por debaixo da media española.

Aínda así, Mato precisou que non se trata dun “problema exclusivo” de España, senón que a Unión Europea (UE) tamén está enfrontando ás consecuencias da crise demográfica. Segundo o informe Rexións 2020, ao redor dun terzo das rexións europeas rexistrarán, no prazo de seis anos, un descenso da poboación. Polo tanto, este é un dos principais retos que a medio e longo prazo “deben afrontar as autoridades da UE”.

Ante esta situación, Galicia, e as outras cinco comunidades autónomas, abordaron co comisario europeo a posibilidade de introducir o obxectivo de loita contra a crise demográfica na revisión que se vai acometer nos próximos meses da Estratexia Europa 2020. Neste sentido, Andor recordou a especial relevancia de que as rexións participen na actualización deste plan, dado que será a nova Comisión Europea, saída das eleccións do próximo mes de maio, a encargada de executalo.

Solicitaron, ademais, que se teña en conta a diversidade dos problemas demográficos que afrontan as distintas rexións na definición de “zonas con desvantaxes naturais ou demográficas graves e permanentes”.

En materia de financiamento, concretaron a súa petición en dous núcleos fundamentais: que o cambio demográfico sexa incluído como un criterio na execución de todos os programas de financia-

mento comunitario no período 2014-2020; e que os criterios poboacionais pesen con maior forza no deseño das novas políticas, especialmente na rexional e de desenvolvemento rural, durante o debate sobre o seguinte período financeiro 2020-2027. A finalidade é conseguir dotar ás zonas máis afectadas por esta situación dun orzamento e de instrumentos específicos.

Estas peticións a nivel europeo súmanse ás xa demandas



xa presentadas a nivel nacional tras a reunión de Zaragoza do pasado mes de febreiro. Alí estas seis comunidades autónomas fixeron fincapé na necesidade de acadar un Pacto de estado en materia demográfica, de crear un grupo de traballo no Ministerio, e de elaborar unha estratexia nacional neste sentido.

No que se refire á xuntanza mantida no seo do Comité das Rexións, no que participaron tamén rexións de Alemaña, Finlandia, Lituania, Suecia e Polonia, valorouse especialmente a oportunidade de continuar con este tipo de encontros de forma periódica co obxectivo de aplicar aquelas iniciativas que teñan dados resultados nas diferentes rexións europeas.

Ademais da implicación do resto de institucións, Galicia xa está tomando as medidas que están na súa man para fa-

### GALICIA DEMANDA Á UNIÓN EUROPEA QUE SE INTRODUZA O PARÁMETRO DE DEMOGRAFÍA NA EXECUCIÓN DOS FONDOS EUROPEOS





cer fronte ao problema, sinalou Mato. Deste xeito, impulsouse de forma pioneira o primeiro Plan de dinamización demográfica da historia da autonomía, composto por un total de 69 medidas.

Entre os seus eixos, Mato destacou especialmente o da sensibilización, xa que “recoñecer o problema é o primeiro paso para resolvelo”; e o das políticas de familia, no que se inclúen desde incentivos á natalidade a accións dirixidas á conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

Neste sentido, recordou que Galicia ten aumentado nun 61 por cento as prazas de escolas infantís desde 2009, e que neste curso empezárase a ampliar a exención de pago da matrícula do segundo fillo nas escolas infantís. Ademais, xa se están desenvolvendo novas medidas como as casas-ñño, ou o servizo de axuda no fogar para a infancia.

Xa por último, e en canto aos incentivos, Mato lembrou que incrementábase nun 20 por cento a dedución fiscal por nacemento.

## INNOVACIÓN, COMPETITIVIDADE E CAPACITACIÓN

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, compareceu no Parlamento para explicar as tarefas realizadas pola Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal no eido da cooperación interrexional e transfronteiriza. Na súa intervención, centrouse no que se considera o cerne da política de cooperación da Comunidade de Traballo Galicia-Norte para novo período de programación comunitaria: o Plan de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal 2014-2020 (PIC).

O PIC elaborado pola Eurorrexión ten unhas características radicalmente novidosas que o diferencian dos precedentes, xa que se trata do primeiro plan de investimentos conxuntos transfronteirizo na UE, que ademais traslada a cooperación interrexional ao

mesmo punto de arranque do proceso de programación.

Segundo explicou Gamallo, a idea de dispoñer dun documento único, o mais comprensivo posible, que potenciase compartir recursos, subliñábase as complementariedades e integrábase as institucións da Eurorrexión, estaba na liña dos acordos adoptados polo Presidente da Xunta e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal.

Tal e como recolle o PIC, nos vindeiros sete anos os investimentos conxuntos da Eurorrexión centraranse na innovación, a competitividade, o medio ambiente e a capacitación; buscando a promoción do emprego e a eficiencia na administración pública. O PIC é un documento consolidado único, que será integrado cos programas e liñas de investimento que implementen os diferentes departamentos de cada Administración.

Algunhas das liñas de investimento que se definen no PIC son liñas de moita potencia e percorrido, como a integración das RIS3 e o fortalecemento e estruturación de clústers transfronteirizos orientados cara os dominios das RIS3; ou a consolidación de polos de excelencia internacional, como o Laboratorio Ibérico de Nanotecnoloxía ou o Campus Mar.

Tamén aparecen recollido no Plan o fomento da mobilidade laboral transfronteirizo; a promoción de viveiros de empresas, especialmente as de base tecnolóxica; a promoción de produtos turísticos eurorrexionais; ou a eliminación dos custes de contex-

to transfronteirizo, compartindo equipamentos das áreas de fronteira.

Gamallo destacou que xa se está a pñner en marcha unha das actuacións que se recolle no PIC: o Programa de cooperación cultural, científica e pedagóxica Iacobus, que vai facilitar a integración entre os centros de ensino superior da Eurorrexión, para ultrapasar a cooperación universitaria ou o mero plan de mobilidade propio e converterse nun viveiro de novos proxectos.

Doutra banda, o director xeral tamén analizou outros aspectos da cooperación transfronteiriza e interrexional e lembrou o traballo da Xunta perante as institucións comunitarias na busca dunha “aterraxe suave” para aquelas rexións que, como Galicia, estaban a piques de abandonar por primeira vez o obxectivo converxencia.

Tamén se referiu á actuación coordinada da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, cerne da Macrorrexión Resoe, á que despois sumaríase Castela e León -no ano 2010-, e en breve Asturias e a Rexión Centro de Portugal. Esta macrorrexión da Rexión Suroeste de Europa conseguiu estender a súa cooperación a outras rexións como Cantabria, a Rioja, Navarra, o País Vasco, Aragón ou Aquitania.

Por último, Jesús Gamallo referiuse aos proxectos de cooperación territorial, lembrando que durante este período executamos máis de 140 millóns de euros nos ámbitos mais variados, cofinanciados polo Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Portugal (POCTEP); e que temos creado e consolidado dúas Eurociudades: Tui-Valença e Chaves-Verín, esta última que acaba de pñner en marcha a segunda Agrupación Europea de Cooperación Territorial da Eurorrexión.





## PIONEIROS NA COOPERACIÓN DE PROXIMIDADE

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, subliñou que a constitución da Eurocidade Chaves-Verín en Axencia Europea de Cooperación Territorial (AECT) permitirá aproveitar os instrumentos da UE para facer a colaboración entre ambas as vilas “máis visible, máis ampla e máis útil para os cidadáns”. O mandatario autonómico lembrou o carácter histórico do traballo en común entre Chaves e Verín, que avanzou nos últimos anos cara á súa integración institucional e agora dá “un novo paso nunha senda antiga, pero, sen dúbida, un paso de xigantes”, afirmou.

Así, durante o acto de presentación da entidade, o titular da Xunta remarcou que a creación da AECT Eurocidade de Chaves-Verín supón crear “un marco xurídico regulador da traxectoria de colaboración existente entre os dous municipios”, posto que se trata dun instrumento nado do dereito

comunitario, con personalidade xurídica propia para tratar actuacións e servizos de interese para os dous socios.

Xunto con isto, Feijóo puxo en valor que a posta en marcha da entidade permite que, “logo de facer da Eurocidade de Chaves-Verín o primeiro la-



**FEIJÓO SUBLIÑO QUE CONSTITUÍR A EUROCIDADE CHAVES-VERÍN EN AXENCIA EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL PERMITIRÁ APROVEITAR OS INSTRUMENTOS DA UE PARA FACER A COLABORACIÓN “MÁIS VISIBLE, MÁIS AMPLA E MÁIS ÚTIL PARA OS CIDADÁNS”**

boratorio oficial de colaboración transfronteiriza, volvamos ser pioneiros, ao afondar na cooperación de proximidade como modelo de cidadanía europea”. Non en van, segundo salientou, esta é a segunda AECT que nace na Eurorexión Galicia-Norte de Portugal pero é a primeira destas características que se crea na UE.

Entre as vantaxes que conleva a constitución da Eurocidade en AECT, o presidente galego destacou, finalmente, que supón “abrir a porta ao financiamento necesario para tirar o máximo rendemento do potencial das relacións entre ambas as dúas cidades”.

Na súa intervención, o mandatario galego sinalou a necesidade de aproveitar a potencialidade da AECT para continuar o camiño iniciado co obxectivo de acadar unha xes-

tión “coordinada, coherente e máis eficiente das zonas limítrofes”, polo que avogou por afondar en tres eixes estratégicos. En primeiro lugar, referiuse a que se debe proseguir a construción “dese gran logro do espazo común Chaves-Verín que é a Eurocidadanía”.

Nesa liña, apostou por facer chegar a moitos máis veciños e servizos as vantaxes da xestión conxunta e compartida de instalacións e funcións municipais, evitando duplicidades e aforrando custos, e continuar na liña de organización de eventos deportivos conxuntos, da bolsa de emprego transfronteirizo ou das accións formativas.

Feijóo chamou a atención sobre a proposta na que se traballa actualmente para asinar un convenio de cooperación sanitaria que faga posible optimizar os hospitais públicos de Verín e Chaves, especializando cada un deles en áreas concretas de intervención. Neste sentido, expresou o seu convencemento “de que faremos ese convenio, que será o inicio da cooperación sanitaria entre dous países e dos hospitais que dan servizo a máis de 100.000 habitantes”.

En segundo lugar, o presidente da Xunta defendeu a capacidade da cooperación para dinamizar a economía, polo que considerou preciso afondar na posta en valor de recursos endóxeos comúns, especialmente as augas térmicas e mineiro medicinais. Neste punto, remarcou o proxecto Termalagua, unha eurocidade termal e da auga, orientado a converter a Eurocidade “nun referente do termalismo no sur de Europa”, formando profesionais altamente cualificados e desenvolvendo investigacións neste eido, dentro dun futuro Centro de Formación Termal e de Investigación da Auga.

## GALIZA APOSTA NO ENSINO DO PORTUGUÊS

O Parlamento da região espanhola aprovou por unanimidade uma lei que obriga o Governo galego a introduzir o português no ensino e a estreitar laços com os países da lusofonia e já entrou em vigor, informou Miguel Rodríguez, de "Público".

Quando, em 1979, o cantor Zeca Afonso incluiu no seu disco "Fura Fura" o cantar galego "Achégate a mim", Maruxa, estava a fazer algo mais do que a popularizar uma canção tradicional do país vizinho. Querendo ou não, Zeca mostrou a proximidade linguística de Portugal a uma cultura, a galega, na qual poucas vezes se pensa ao falar do mundo lusófono. Agora, após 35 anos, o parlamento desta região da Espanha acabou de aprovar uma lei a qual pretende estreitar os laços com os países da lusofonia e introduzir a língua portuguesa como matéria de estudo em todo o seu sistema educativo. A proposta, conhecida como Iniciativa Legislativa Popular Valentín Paz-Andrade entrou em vigor.

A medida não tem muitos precedentes na região. Ao facto de ser aprovada com o voto favorável de todos os partidos do Parlamento, uma unanimidade rara especialmente em questões relativas à língua, soma-se o feito de ter nascido da sociedade civil. Os seus impulsionadores conseguiram as 17 mil assinaturas necessárias para levar a proposta ao Parlamento. A nova lei obriga o governo galego a "incorporar progressivamente a aprendizagem do Português em todos os níveis de ensino", a reconhecer o seu

domínio como um mérito especial para aceder à função pública e a tomar "quantas medidas sejam necessárias" para lograr a recepção em território galego das televisões e rádios portuguesas.

A iniciativa, promovida maioritariamente por membros de associações lusófonas da Galiza, começou a dar-se a conhecer entre os cidadãos da região há quase dois anos. O porta-voz da comissão promotora, Xosé Morell, assegurou que o apoio social e de todas as formações políticas à proposta de lei supõe "um novo consenso linguístico" na Galiza e a compreensão de o galego ser "um idioma promissor". "Se calhar por causa da crise, hoje há mais gente que vê o galego como uma língua internacional e útil para se comunicar com Portugal, Brasil ou Angola", assegurou Morell.

Assim, a finalidade desta nova lei não é só cultural, mas também económica. Outro dos pontos estabelecidos como um objetivo estratégico do governo galego é "o relacionamento, a todos os níveis, com os países de língua portuguesa", participando em fóruns lusófonos internacionais e fomentando o comércio das empresas galegas com os mercados destes países. Miguel Penas, presidente da Associação Galega da Língua (AGAL), de que fazem

parte muitos dos promotores da lei, qualifica de "importante sucesso" o apoio parlamentar e aguarda que, quanto antes, se avancem medidas concretas para cumprir os compromissos aprovados. "Nos orçamentos do próximo ano deveríamos prever investimentos destinados à introdução do português no ensino e, já agora, o governo poderia começar a tomar medidas para que a Galiza seja reconhecida de algum modo na Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP)", nota Penas.

A Galiza não é a primeira região da Espanha a fazer uma aposta no português no seu sistema educativo. Paradoxalmente, na Extremadura, onde não existe uma língua tão próxima do português como o galego, há anos que o têm fomentado entre os estudantes e também no meio empresarial. Segundo os dados do governo regional extremo, mais de 14 mil alunos dos centros de ensino público da comunidade aprenderam o Português no passado ano lectivo em mais de 140 centros da região. Quanto à televisão, o canal público regional emite um pro-

grama chamado Falamos Português, em colaboração com o Instituto Camões.

Na Galiza, há experiências de escolas secundárias onde o Português tem uma implantação importante, mas, de momento, são residuais. Um deles é o centro de ensino A Sangrinha, em A Guarda. No actual curso, 123 alunos entre os 12 e os 17 anos aprendem Português, dos quais somente 27 o elegem como primeira língua estrangeira, em vez do Inglês. O director do departamento de Português do centro, Alberto Viso, assinala a proximidade geográfica e linguística com o galego como um dos factores que fizeram o centro apostar nesta língua há 10 anos. O facto de muitas empresas portuguesas empregarem jovens do Sul da Galiza também é um incentivo para a aprendizagem do Português. "Tínhamos medo de que só viessem a estas aulas aqueles que não gostavam de aprender Inglês por ser mais difícil, mas não está a ser assim e os resultados são estupendos", assegura Alberto Viso.



# MAYO

## DÍA 1

- Los impuestos bajarán 2.000 millones tras subir 30.000 en tres años.
- Los sindicatos reclaman empleos de calidad en el Primero de Mayo.
- El 1% más rico en España acumula el 8% de las rentas, según la OCDE.
- Damm perderá su inversión en Pescanova tras un año de batalla.
- Millones de trabajadores se manifiestan en todo el mundo pidiendo mejoras salariales y trabajo.

■ La comunidad gallega es la cuarta en tasa de graduados en ESO con un 78,8%.

■ Fundos europeos financiam recuperación do Bom Jesus.

## DÍA 3

- Troika avisa que Portugal precisa de um mercado de trabalho "mais dinâmico".
- Maddie desapareceu há sete anos e McCann criticam justiça.
- Portuguê, espanhóis e gregos na corrida a ferry rejeitado pelo Açores.
- China, lista para arrebatar

vel em Valença.

■ Choque do IRS rendeu ao Estado 31 mil milhões de receita em três anos.

■ Rajoy exhibe la grandeza de Santiago ante el primer ministro de Japón.

## DÍA 5

- Financiamento comunitário não chega para recuperar estragos do mau tempo.
- El sector lácteo factura 125 millones más por la subida del precio de la leche.
- Galicia, líder en certificaciones Q de calidad turística.

## DÍA 6

- Los gallegos tienen más dinero en el banco que nunca.
- La UE augura una recuperación débil y casi sin empleo en España.
- El paro baja en 111.000 personas, el mayor descenso en 18 años.
- Novo corte de salários na Função Pública.
- Portugal tem de adotar cortes anuais de 1,9% até 2030.
- Treinador espanhol Lope-tegui assina por três anos pelo FC Porto.



## DÍA 7

- La pesca europea tiene un presupuesto de 6.396 millones de euros.
- Barreras construirá un atunero para el grupo mexicano Procesa.
- A Cámara galega pide o mantemento de todos os partidos xudiciais.
- Arquitectos querem que projeto "Avenida da Ponte", de Siza Vieira, avance.
- Câmara do Porto reclama junto do Governo isenção do IMI no centro histórico.
- El Banco de Portugal deu ao Estado 202 milhões de euros, em 2013.
- Alto Minho mais tranquilo com futuro dos serviços de saúde.
- Navantia Ferrol construirá un barco para la Armada, por 200 millones, que genera-




## DÍA 2

- Prejuízos da TAP caem para seis milhões em período de incertezas sobre privatização.

a Estados Unidos el cetro de primera potencia global.

## DÍA 4

- Quatro mortos em acidente com motociclo e automó-



rá unos 500 empleos durante treinta meses.

**DÍA  
8**

■ La Xunta multa con 1,8 millones a las eléctricas por abusos al cliente.

■ 62% dos eleitores europeos “não estão interessados” nas eleições.

■ España y Portugal revisan el diseño de la autopista eléctrica.

■ El capitán del “Prestige” frena el proceso judicial al no firmar la sentencia.

■ Banesco deposita 403 millones como primer pago de la compra de NCG.

**DÍA  
0**

■ Arranca la campaña de las europeas con el desafío de luchar contra la apatía de los votantes.

■ Navantia diseñará componentes de la eólica marina para Iberdrola.

■ La Xunta pacta con las concesionarias de autovías gallegas para evitar su quiebra.

■ Câmara do Porto e Governo põem fim a diferendo em torno da SRU.

■ Renfe com comboios especiais entre Madrid e Lisboa para a final da “Champions”.

■ Standard & Poor 's eleva perspectiva de Portugal para “estável”.

■ Passos admite subida de impostos em caso de novos chumbos do TC.

■ Dez milhões de euros para reabilitação urbana do Porto.

**DÍA  
10**

■ Afinal há consenso: tem de haver maioria absoluta para o pós-2015.

■ Más de 250.000 gallegos salen de su municipio a diario para ir a trabajar.

**DÍA  
11**

■ El Gobierno controlará los datos bancarios de todos los españoles

■ Há 3400 candidatos para ficar com 14 novas farmácias.

**DÍA  
12**

■ La renta de los gallegos se aleja seis puntos de la media europea.

■ Governo quer cortar 15% dos salários dos privados.

■ Matan a tiros a la presidenta de la Diputación y del PP de León.

**DÍA  
13**

■ Itínere, la propietaria de la AP-9, a la venta.

■ El crédito no despegará hasta el año que viene, según Funcas.

■ Galicia vive una “vigorosa” adaptación a los tiempos, asegura Feijóo.

■ Estado perdeu 22 mil funcionários em 2013.

■ Los españoles, entre los más pesimistas de la UE con la economía y el empleo.

■ Portugal é o segundo país da UE onde mais gente acha que a situação está pior.

**DÍA  
14**

■ La banca ha recortado casi 4.000 empleos en Galicia en cinco años.

■ El puerto de A Coruña duplicó el número de cruceristas en el primer trimestre del año.

■ Ministro diz que arderam 1,9 milhões de hectares de floresta em 14 anos no país.

■ Luiz Filipe Scolari está a ser investigado por alegada fuga ao fisco.

**DÍA  
15**

■ Por cada puesto de trabajo que se ofrece en España hay más de 110 parados.

■ Portugal e China “num novo ponto de partida histórico”.

■ Câmara do Porto avança com programa cultural de 1,2 milhões de euros.

■ Israel añade al Parlamento Gallego a sus “peores y más extremistas enemigos”.

■ O português Beto prolonga a maldição europea doi Benfica.

**DÍA  
16**

■ Núñez Feijoo reconhece que “é xusto que a xente estea decepcionada con nós”

■ Grandes fortunas crescem

milhões em Portugal nos 3 anos de troika.

■ El Gobierno gallego impulsará las gasolineras independientes para abaratar el gasóleo.

■ A Sociedade de Transportes Coletivos do Porto transportou, em 2013, 78,7 milhões de passageiros, uma quebra de 7,5% face ao ano anterior.



■ Autoestrada Transmontana vai ter portagens.

■ La venta de medicinas que ya no cubre la Seguridad Social cae a la mitad en Galicia.

■ Portugal deve continuar reformas em vários setores.

**DÍA  
17**

■ O propietario de Sonae destaca o incremento das exportacións portuguesas a territorio galego e aposta por Galicia.

■ Património é tema central da política bracarense.

**DÍA  
18**

■ Los concellos deben a los bancos un 12 % más que an-

tes de la crisis.

■ Casi mil kilómetros de autovías gallegas, listas para el coche inteligente.

■ La UE ha puesto cada día en manos de la Xunta 1,1 millones desde 1986.

## DÍA 19

■ Más de 220.000 jóvenes españoles emigraron a otro país de la UE en cinco años.

■ La industria gallega en el PIB vuelve al nivel precrisis con 58.000 empleados menos.

## DÍA 20

■ La automoción y los bienes de equipo impulsan las exportaciones gallegas otro 7 % hasta abril.

■ Cada 12 minutos, un piso para la banca.

■ Morreu Eurico Dias Nogueira, arcebispo emérito de Braga.

■ Universidades británicas recrutam alumnos em Portugal.

## DÍA 21

■ Galicia, única comunidad que salva la crisis sin ir al rescate del Estado.

■ Vigo será propuesto como puerto que acoga una infraestructura para combustibles alternativos.

■ Portugal quer liderar luta contra mortes na

estrada.


■ Qualidade e inovação reforçam aposta na exportação de vinho verde

■ Bruselas concede el visto bueno definitivo a la autopista del mar de Vigo de Suardiaz.

■ Portugal estudia reforzar la línea Vigo-Oporto con trenes "mejores y más cómodos".

## DÍA 22

■ Cien mil pensionistas en Galicia tienen unos ingresos inferiores a 350 euros al mes.



■ Pemex construirá en México 16 buques a los que optaban astilleros gallegos.

■ La Xunta abre una línea de financiación para la industria auxiliar del naval.

■ Portugal é um dos países com eletricidade e gás mais caros da UE.

■ El comercio textil prevé crecer al fin este 2014 tras siete años de caídas.

■ Descubierta arqueológica coloca Esposende no mapa dos descubrimentos marítimos.

■ Madrid plantea un cupo de 20.000 toneladas de sardina para evitar la tijera de Bruselas.

■ Governo garante que hospital de Viana não vai perder nenhuma valência.

■ Galicia recibirá 78 millones de fondos europeos para 37.000 jóvenes.

■ Portugal é o país do mundo que mais deve ao FMI, quase 27 mil milhões de euros.

■ La Xunta cifra el sobrecoste de la dispersión y el envejecimiento en 500 millones cada año.

■ Câmara do Porto aprova entrega da gestão do Silo-Auto à Porto Lazer.

■ Polícia diz que caso Maddie vai entrar em "fase de atividade substancial".

## DÍA 23

■ La investigación de la Pokémon se extiende ya a 18 municipios gallegos.

■ A dívida pública portuguesa subiu para os 132,4% do Produto Interno Bruto (PIB) no final do primeiro trimestre.

■ La Xunta advierte que los servicios públicos básicos están en peligro.

■ Portela bate recorde e PSP espera 120 mil adeptos espanhóis em Lisboa.

■ Administrações públicas com défice nos 2,2 mil milhões.

■ La nueva ministra de Agricultura compromete apoyo al sector ganadero.

## DÍA 24

■ Uno de cada cuatro gallegos en paro lleva más de 3 años sin trabajo.

■ Pescanova supera en un año el segundo mayor concurso de la historia empresarial de España.

■ Vinhos de Portugal no Rio esgota na primeira hora.

■ Portugal mais longe do "lixo" com perspectiva mais optimista da DBRS.

■ Mais de 30 câmaras estão contra fechos de escolas.

■ Maioria dos 14 mil presos não votou devido a atraso de documentos.

■ El Real Madrid alza la décima Copa de Europa en Lisboa.



DÍA  
25

■ El Concello de Ourense ultima un plan para salvar el comercio local que une patrimonio, tapas y citas culturales.

DÍA  
26

■ Dona da MultiOpticas investe 7,3 milhões em fábrica em Gaia.

■ El 25-M precipita el adiós de Rubalcaba en el PSOE.

DÍA  
27

■ Seguro agarra-se à vitória para resistir às pressões internas.

■ Papa critica “sistema económico desumano”.

## APOIO AOS PEREGRINOS

A cidade portuguesa de Braga acolleu a reunión da Subcomisión do Camiño Portugués que contou coa presenza de representantes de Turismo de Galicia, do Eixo Atlántico e mais dos concellos que atravesara o Camiño Portugués.

Os obxectivos deste grupo de traballo pasan polo regulamento e coordinación de accións desenvolvidas nos camiños, a sinalización institucional dos itinerarios, a dispoñibilidade de información de natureza histórica e patrimonial e a creación de estruturas de apoio ao peregrino, así como a coordinación de accións municipais.

De igual modo, no eido da promoción perséguese a implementación dunha imaxe conxunta e a creación de ferramentas e accións de promoción integradas.

Os traballos que se abordan divídense en accións comúns, como a creación de dosieres, o traballo nunha imaxe conxunta ou a realización de seminarios, exposicións e ferramentas de divulgación conxuntas, así como accións de cooperación institucional entre os entes implicados, e en accións concretas, a través da edición de folletos municipais, sinalización direccional e informativa, apertura de albergues ou acondicionamento das rutas e creación de puntos de apoio e descanso para os peregrinos.

Durante o encontro celebrado abordouse a definición do plan de traballo que levará a cabo o grupo durante esta anualidade.

■ Passos diz que não governou por imposição da troika.

■ O Banco de Portugal avisa que “reequilíbrio estrutural da economía não está completo”.

DÍA  
30

■ Duas obras de artistas portugueses censuradas na China durante visita oficial de Cavaco Silva.

■ Portugal “perdeu” quase um milhão de crianças em 30 anos.

■ Maioria chumba moção de censura do PCP ao Governo.

DÍA  
31

■ El crecimiento gallego se estanca, mientras España tira tímidamente.

■ Seguro rejeita congreso e convoca primárias para primeiro ministro.

■ Rajoy anuncia un plan de 6.300 millones de euros para relanzar la economía.

■ La mayoría de los gallegos rechazan la desaparición de partidos judiciales.

■ El Dépor regresa a la Primera División del fútbol español.



■ Mais 8,3 milhões movimentados com cartões estrangeiros.

DÍA  
28

■ Deloitte descubre 750 mi-

llones más de agujero patrimonial en Pescanova.

■ Rajoy descarta cambios en el Gobierno pese a los resultados en las europeas.

■ Demolição de 27 casas em

São Bartolomeu do Mar de Esposende começa a 2 de junho.

■ Zeltia aumentó su beneficio en 2013 en un 72% y sus ventas en un 2,8%.

■ Moradores e empresas queixam-se do fecho total para obras da ponte Eiffel de Viana do Castelo.

■ El 16,6% de los hogares gallegos llega con mucha dificultad a fin de mes.

■ Passos rejeita que tenha havido “crescimento anormal” de forças extremistas na UE.

DÍA  
29

■ Metro do Porto diminuiu prejuízo (90,3%) em 2013 com un resultado líquido de 47,6 ME negativos.



## UNHA MACRORREXIÓN EN CRECEMENTO

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, subliñou a determinación da Macrorrexión de Rexións do Suroeste de Europa (RESOE) de empregar a cooperación para sumar recursos e ideas e complementarse co obxectivo de erixirse en referente do crecemento intelixente, sustentable e integrador que procura a Unión Europea a partir da innovación. Lembrou que todos os integrantes do proxecto deseñaron a súa propia Estratexia de Especialización Intelixente para os vindeiros anos e avogou por unha posta en común que deixe á luz espazos de cooperación “onde a eficiencia sexa sinónimo de maior ambición”.

O mandatario galego asinou o Memorando que formaliza a incorporación de Asturias e da Rexión Centro de Portugal á Macrorrexión que Galicia, o Norte de Portugal

e Castela e León puxeron en marcha en 2010 co obxectivo de incrementar o peso dos seus territorios en Europa, defender xuntos os intereses comúns e, ao mesmo tempo, contribuír a seguir construíndo o proxecto comunitario. Este novo fito, segundo sinalou Feijóo, permitirá estender o alcance das iniciativas nas que se ven traballando para promover o aumento da conectividade do suroeste de Europa, os proxectos de preservación ambiental e o fomento da sociedade do coñecemento.

Ademais, salientou a sibiabilidade que se abre de ensaiar a escala respostas aos problemas compartidos \_moi especialmente a preocupación demográfica\_ que poidan ser logo extrapolables a calquera outra rexión e que redunden nun éxito para todos. “O problema demográfico é un gran problema que desde esta Ma-

crorrexión estamos convencidos de que temos que liderar e levalo, en primeiro lugar, ás axendas nacionais dos nosos países e, simultaneamente, ás axendas europeas, tanto no Comité de Rexións como na propia Comisión Europea”, precisou.

Na súa intervención, Feijóo



destacou que coa ampliación da RESOE se segue o ditado da Declaración Schuman a prol dun proceso de pequenos pasos fronte a unha Europa creada dun só golpe, e, desta volta se trata de “avanzar na cooperación transfronteiriza cara a unha colaboración interrexional de maior alcance para os nosos territorios e construtiva para o conxunto”. Así, sinalou que esta iniciativa supón progresar nesa aposta pola cohesión territorial que a UE fixou na Estratexia de Lisboa como fórmula para acadar un continente social e economicamente máis equilibrado e integrador.

O mandatario autonómico resaltou a dependencia enerxética de Europa e considerou que é interesante para o conxunto reforzar a importancia da economía marítima, mellorar as conexións entre os portos, as redes enerxéticas, o transporte de cabotaxe, a industria naval, así como todas as infraestruturas que articulan estes elementos e os conectan ás grandes redes transeuropeas. A ese respecto, avogou por optimizar as capacidades lóxicas do gas licuado, que necesariamente pasaría polo noso territorio, para atender mellor a demanda enerxética da sociedade e da industria europea.

Para o presidente da Xunta, a ampliación da Macrorrexión

**O PRESIDENTE GALEGO DESTACOU QUE A AMPLIACIÓN DA RESOE PERMITIRÁ ESTENDER O ALCANCE DOS PROXECTOS EN MARCHA PARA PROMOVER O AUMENTO DA CONECTIVIDADE DO SUROESTE DE EUROPA**





do Suroeste de Europa se prodúcese no momento preciso, posto que nos atopamos no punto de inflexión en que comeza a programarse o destino dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos ata o final da década. “Galicia, que afronta neste período o desafío de pasar de ser rexión de converxencia a un novo estadio de rexión máis desenvolvida, necesita situarse canto antes no lugar correcto xunto aos socios axeitados. E atopounos”, remarcou.

Con motivo da efeméride do “Día de Europa”, Feijóo puxo en valor a fonda vinculación de Galicia co proxecto comunitario, cuxa vixencia defendeu, pero indicou que cumpre combater con determinación o risco de irrelevancia que se cerne sobre el no actual escenario político e económico. E enumerou a necesidade de superar a crise económica, de gañar competitividade industrial fronte a terceiros países, de frear o envellecemento da poboación, de garantir o financiamento do Estado do Benestar e de converterse en voz autorizada fronte ás tensións territoriais como desafíos importantes que revelan que “Europa e todos os que a integramos afrontamos un transo histórico”.

Fronte a eles, o presidente da Xunta subliñou que a estratexia do suroeste de Europa é “sumar, unir e cooperar”, e engadiu que o 25 de maio temos a oportunidade de ratificar a tradición europeísta “votando libre e masivamente” nos Comicios ao Parlamento europeo. “Sen un constante referendo democrático, o gran proxecto europeo deviría en inútil e murcho e nada sería máis lesivo para Galicia, para España e para Portugal. Ao cabo, o fracaso ou o éxito de Europa será tamén o noso”, concluíu.

## NOVAS POSIBILIDADES PARA INNOVAR

O conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, sinalou a importancia da cooperación empresarial na Eurorexión de cara a que as pemes de Galicia e o Norte de Portugal gañen tamaño abrindo novas posibilidades para innovar e saír ao exterior. “O noso contexto empresarial común está dominado polas pemes”, explicou Conde, motivo polo que resulta imprescindible a colaboración co obxectivo de “facilitar o crecemento e o fortalecemento empresarial”.

O conselleiro, que participou na Asemblea Xeral da Federación Luso-Galaica de Industrias Metalúrgicas (FELUGA) antes de manter un encontro con empresarios lusos e galegos na Casa de España en Portugal, afondou nas posibilidades de potenciar sectores irmáns altamente competitivos, como é o caso do metalúrxico, impulsando deste xeito a competitividade das compañías da Eurorexión a través da innovación e a busca de novos mercados.

Neste contexto, Conde anunciou reunións coas autoridades lusas, que teñen por obxectivo Galicia e Portugal sigan a traballar de modo coordinado de cara a “sacar o máximo partido aos fondos europeos”.

O titular de Economía e Industria sinalou que Europa ofrece unha serie de instrumentos encamiñados a incrementar a competitividade das pemes. Así, o programa Horizonte 2020 conta con máis de 7.500 millóns para o fomento de iniciativas innovadoras de diversa índole, e o COSME suma 2.300 millóns para impulsar a mellora competitiva do tecido empresarial. “En total, a Unión Europea ofrece ao sector industrial da Eurorexión preto de 10.000 millóns de euros para seguir explorando riqueza e emprego a ambos lados do Río Miño”, apuntou.

Neste eido innovador, o conselleiro destacou tamén a importancia da Estratexia de Especialización Inteligente - RIS 3, un documento que se configura como “unha oportunidade histórica” para Galicia e para as súas pemes, que participarán no 75% dos proxectos. Así, avogou por buscar puntos de unión coa Estratexia que o Norte de Portugal está terminando de desear.

“Se o envellecemento activo e saudable, por exemplo, é protagonista da RIS3 de Galicia, as Ciencias da Saúde e a Vida son prioridade da Rexión Norte de Portugal. E podemos ir máis alá, buscando sinerxías

no aproveitamento e valorización dos nosos recursos mariños, ou a modernización dos nosos sectores turísticos”, incidiu.

Así mesmo, o titular de Economía e Industria apostou por aproveitar as boas cifras de internacionalización acadadas por ambas rexións, ao ser o Norte de Portugal o territorio que máis exporta de todo o país luso, e o rexistrar Galicia o seu mellor ano exportador con case 18.500 millóns de euros. Neste contexto, explicou, a Eurorexión ofrece o entorno propicio para fomentar as exportacións explorando vías comúns a través de misións comerciais conxuntas, o acceso a licitacións internacionais ou a posta en común de servizos e oportunidades para implantarse en novos destinos.

Neste contexto, valorou, a Eurorexión conta cunha vantaxe engadida: o Plan de Investimentos Conxuntos (PIC), que recolle as liñas de actuación a acometer, situando a Galicia e ao Norte de Portugal no mellor escenario posible tanto para consolidar a RIS 3 como para fomentar a colaboración transfronteiriza a través do POPTEC. Este Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal ten permitido levar a cabo proxectos conxuntos de gran calado no ámbito da I+D+i, investindo 178 millóns na Eurorexión desde o ano 2007.

A esta colaboración cabe sumarlle múltiples actuacións que Galicia e o Norte de Portugal xa están a levar a cabo en distintos eidos como as infraestruturas, o emprego, as eurociudades ou a enerxía. Neste ámbito, Conde lembrou as posibilidades que ofrecen as dúas regasificadoras coas que conta a Eurorexión: a de Mugardos e a de Sines, “ambas con experiencia en carga e descarga de GNL”.



## PP Y EL PSOE RESBALAN EN LAS EUROPEAS

Descalabro de los dos principales partidos españoles en las elecciones al Parlamento Europeo, en las que la suma de los dos no alcanza la mitad de los votos, cuando en el 2009 superaron el 80 %. Populares y socialistas se dejan más de cinco millones de votos, 17 escaños y 31 puntos porcentuales respecto a los comicios europeos de hace cinco años. Entre ambos acapararon solo 7,5 millones de papeletas, dos millones por debajo de la peor cifra histórica en unos comicios europeos.

El PP logró una victoria muy ajustada con el 26 % de los votos, 16 escaños y poco más de cuatro millones de votos, 16 puntos, 8 eurodiputados y 2,6 millones de papeletas menos que en el 2009. El desplome respecto a las elecciones generales de noviembre del 2011 es de 18,5 puntos.

El desgaste después de casi dos años y medio en el poder le pasó factura, lo que se traduce en un importante voto de castigo. La secretaria general del PP, María Dolores de Cospedal, resaltó que solo en España y Alemania han ganado los partidos en el poder y justificó el voto de castigo sufrido por su partido por las duras medidas que ha tenido que adoptar el Gobierno.

Los socialistas se hundieron con el peor resultado de su historia y obtuvieron el 23 %, 14 escaños y 3,5 millones de sufragios, 15,8 puntos, 9 escaños y 2,6 millones de votos por debajo de sus resultados de hace cinco años y cinco puntos y medio menos que en las generales, que ya fueron un desastre sin precedentes.

El liderazgo al frente del

PSOE de Alfredo Pérez Rubalcaba quedó pulverizado. Elena Valenciano admitió el fracaso: "Los resultados son malos y duros". Rubalcaba no dio la cara en la amarga noche electoral. Tampoco apareció el presidente del Gobierno.

En tercer lugar se situó Izquierda Unida, con el 10 %, 1,5 millones de votos y seis diputados, un importante ascenso de cuatro escaños respecto al 2009. Pero la gran sorpresa fue Podemos, la nueva formación de izquierdas creada apenas cuatro meses antes, liderada por el mediático tertuliano y profesor universitario Pablo Iglesias, que se convirtió en la cuarta fuerza política con cinco europarlamentarios y el 7,9 % de las papeletas. Su irrupción en la Comunidad de Madrid resultó espectacular, ya que fue el tercer partido con el 11,2 %, por delante de su gran competidor, Izquierda Unida.

UPyD también subió, con el 6,4 % de los votos y 4 escaños, tres más de los que tenía. También entran en el Parlamento Europeo Coalición por Europa (3), ERC (2), Ciudadanos (2), Los Pueblos Deciden (1) y Primavera Europea (1). Vox, la escisión del PP por la derecha se queda fuera. La abstención fue muy elevada, 54,42 %, aunque siete décimas inferior que en el 2009.

Pero junto al batacazo del bipartidismo el otro aspecto a resaltar de los comicios fue la histórica victoria de ERC en Cataluña, la primera desde los tiempos de la Segunda República, con el 23,6 % y 590.000 sufragios, sobrepasando a CiU, que se quedó en el 21,8 % y 545.000 votos.



## UMA DERROTA NÃO CORRESPONDE UMA VITÓRIA

Vitória socialista aquém das expectativas, em parte por causa do avanço da CDU e da entrada de leão de Marinho Pinto. PS não aproveita abalo da Direita para disputar as legislativas na "pole position". Há eleições assim, em que a uma derrota de grande dimensão não corresponde uma vitória esmagadora. Coligada, a Direita registou o pior resultado de sempre em europeias, abaixo dos 31,1% do PSD em 1999, tendo Pacheco Pereira como cabeça de lista, mas o PS não conseguiu assumir-se na plenitude como merecedor do voto útil. A fragmentação do eleitorado penalizou os partidos que subscreveram o pedido de assistência financeira externa, que (também) esteve em discussão na campanha. Em conjunto, recuaram de 66,6% para menos de 60%.

Rostos ocasionais da austeridade, Paulo Rangel e Nuno Melo provaram valer menos juntos do que separados - em 2009, a soma de PSD e CDS superou os 40%. No entanto, o resultado dos socialistas não é suficientemente robusto para abalar o Governo.

É certo que António José Seguro tem a segunda vitória depois das autárquicas. E pode até admitir-se que Francisco Assis tem razão, quando afirma que o país já se reconciliou com o partido. Mas daí a falar-se em "novo ciclo" vai uma distância enorme. Certo é que a entrada de José Sócrates na campanha teve pouco impacto: não assustou o eleitorado, como desejaria a Aliança Portugal, nem representou o valor acrescentado em que o PS apostava.

Maior percentagem do que em 2009, mais eleitos e, so-



bretudo, mais votos em termos absolutos, apesar do aumento da abstenção, tal como nas autárquicas: os comunistas figuram entre os vencedores, sendo mesmo os mais votados no distrito de Beja. Melhor do que João Ferreira, só Carlos Carvalhas em 1989 (14,4%). Assim de compreende o peito cheio de Jerónimo de Sousa. O anúncio da apreensão de uma moção de censura ao Governo deixou o PS engasgado.

Embora vaticinada pelas sondagens, a eleição de Marinho e Pinto fica na história. Com poucos meios e escassa cobertura mediática na campanha, superou o BE. À sombra do ex-bastónario dos advogados, o MPT multiplicou por dez a sua votação, tornando-se terceira força nas ilhas e em seis distritos do Continente.

Pela porta pequena sai o Bloco de Esquerda. Se houve voto útil, no campo anti-troika, concentrou-se na CDU. E é inegável que os 70 mil votos no Livre e os cerca de 12 mil no MAS saíram do redil

bloquista - e dificilmente são recuperáveis. De três eleitos, resta Marisa Matias. Nada de comparável com o que aconteceu na Grécia com o Syriza, que inspirava o partido de Catarina Martins e João Semedo.

Em Europa, os partidos de centro direita - PPE - voltaram a ser os mais votados, conseguindo um avanço de quase 30 eleitos face aos socialistas, que manterão o segundo lugar no novo Parlamento Europeu (PE). Apesar desta vitória, o PPE (que inclui o PSD e o CDS/PP) terá perdido cerca de 70 deputados fa-

ce às últimas eleições europeias de 2009, enquanto os socialistas deverão ter limitado as perdas a 11 eleitos.

Segundo os resultados, o PPE tem 28% dos votos e eleger 212 deputados (contra 274 em 2009) num total de 751 membros da assembleia europeia. Os socialistas deverão ter 25,7% do votos e eleito 185 deputados (contra 196 em 2009). Os liberais manterão o seu actual terceiro lugar, com 9,9% dos votos e 74 eleitos (contra 83) e os verdes permanecerão no quarto lugar com 7,7% dos votos e 58 deputados (mais um do que actualmente).

O PPE ganhou as eleições em países como a Alemanha, Espanha, Finlândia, Irlanda ou Eslovénia, enquanto os socialistas, além de Portugal, terão ganho em Itália ou Suécia. O novo PE contará, por outro lado, com 120 a 130 deputados extremistas, eurocépticos

ou soberanistas, um número sem precedentes que era largamente esperado em resultado da revolta contra a União Europeia (UE) que está a crescer num elevado número de países.

O resultado mais dramático foi alcançado pelo partido de extrema-direita francesa, a Frente Nacional de Marine Le Pen, que terá conseguido cerca de 25% dos votos. A extrema-direita ficou à frente igualmente na Áustria e Dinamarca, e conseguiu bons resultados na Finlândia - 13% dos votos e dois deputados - e Grécia, onde o partido neonazi Aurora Dourada, praticamente inexistente há cinco anos, conseguiu 9,3% dos votos e três deputados. Na Alemanha, o partido nazi também conseguiu eleger de forma inédita um deputado. No extremo oposto, o partido grego Syriza, esquerda radical, que tem travado um combate sem quartel contra a austeridade associada ao programa de ajuda da zona euro e FMI ao país, ganhou as eleições com cerca de 26,4% dos votos.

**EUROCÉPTICOS ROMPEM DOMÍNIO BIPARTIDÁRIO COM MAIS DE UM SÉCULO E WILDERS, O PAI DA ALIANÇA DE EXTREMA-DIREITA, SOBE PARA SEGUNDO NA HOLANDA**



## GALICIA PRESENTASE NO XAPÓN

A Xunta de Galicia deu a coñecer en Xapón as posibilidades turísticas que ofrece a Comunidade galega coa vista posta en incrementar o número de turistas do país nipón que se decantan pola nosa terra. Foi nun acto celebrado na Embaixada de España en Xapón, que estivo presidido polo titular do Goberno galego e no que participaron máis dun centenar de touroperadores do país nipón. Un acto no que tamén estiveron presentes o conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, e a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro.

Así, con esta presentación do turismo de Galicia en Xapón preténdese dar a coñecer todas as posibilidades que oferta a nosa terra neste ámbito, fundamentalmente o ter-

malismo, a gastronomía, o turismo de natureza ou outras iniciativas divulgativas como a Ruta dos Viños ou a Ruta das Camelias, mantendo o Camiño de Santiago como produto estrela.

“Para nós é importantísimo facer este tipo de actos porque así podemos ter o contacto persoalmente e explicarlles de primeira man que podemos ofertar en Galicia”, asegurou a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro. Na mesma liña, resaltou que “é importantísimo que desde Xapón se venda Galicia combinado, loxicamente, explicou, con Barcelona ou con Madrid”, e lo-grar que quen nos visita “pase máis dun día na nosa Comunidade autónoma e, sobre todo, que coñeza en profundidade todo o que nós podemos ofer-

tar como é o Camiño de Santiago, como produto por excelencia, a capital de Galicia, e esas Rutas da Camelia ou as coincidencias que ten Galicia con Xapón”.

Porto, Matosinhos, Maia e Gondomar querem a requalificação total da Circunvalação, que atravessa os quatro municípios, estando o Conselho Metropolitano do Porto a promover a elaboración de un programa que visa o lançamento do concurso para a obra.

A necesidade da requalificação da Estrada da Circunvalação é já um tema antigo e os presidentes das câmaras do Porto, Matosinhos, Maia e Gondomar (este último, fez-se representar) estiveram reunidos para debater este tema, num encontro promovido pelo Conselho Metropolitano do Porto.

O coordenador é o presidente da Câmara da Maia, Bragança Fernandes, que no final da reunião explicou à agência Lusa que se pretende a “requalificação total da Circunvalação” para que esta seja “uma radial com urbanidade

e seja pensada para o futuro”.

Segundo Bragança Fernandes foi o vereador socialista da Câmara do Porto, Correia Fernandes, que ficou responsável por esta articulação, tendo que averiguar junto da Faculdade de Engenharia se eles aceitam fazer este trabalho.

“Os técnicos vão apresentar ideias para a Universidade do Porto fazer um programa geral, que terá três, quatro meses para o produzir. Depois do programa feito, vai dar-se início à elaboração do projeto”, descreveu.

Sem poder ainda comprometer-se com uma data, o presidente social-democrata espera que o concurso esteja pronto para lançar até ao final deste ano.

A requalificação total da circunvalação deverá passar pela criação de interfaces, pelo desvio de algum trânsito, criação de ciclovias, linhas dedicadas para autocarros, para além de todas as questões ambientais, como a criação de espaços verdes. O primeiro

passo para esta obra metropolitana está dado. Houve um consenso generalizado”, congratulou-se Bragança Fernandes, que sublinhou a situação caótica da Circunvalação.

O modelo de financiamento para esta obra não está ainda definido, podendo passar pelos quatro municípios, pela Junta Metropolitana ou por fundos comunitários.

A Circunvalação foi um dos pontos da ordem de trabalhos da reunião do Conselho Metropolitano do Porto que decorreu hoje, reunião na qual foram aprovados dois votos de pesar, um pela morte do ex-presidente da Metro do Porto, Oliveira Marques, e um outro pelo presidente da Anafre, Cândido Moreira.

Entre as várias questões abordadas nesta reunião, um dos temas foi a situação financeira grave do Coliseu do Porto, tendo o presidente do Conselho Metropolitano do Porto, Hermínio Loureiro, dado conta da reunião solicitada por este órgão e pela Câmara do Porto ao secretário de Estado da Cultura.

“Não tendo ainda uma solução final, o assunto está bem encaminhado para a normalização da situação. Muito brevemente traremos a este conselho a solução, que permita ao coliseu viver sem sobressaltos”, antecipou.





## GARANTIZAR LAS INTERCONEXIONES

Los jefes de gobierno español y luso, Mariano Rajoy y Pedro Passos Coelho, se han congratulado de la aprobación de un nuevo modelo de explotación conjunta en el enlace ferroviario Oporto-Vigo, que ha generado “un incremento sustancial de la demanda”, y del “inicio” del nuevo servicio que incluye tres nuevas paradas comerciales \_Viana do Castelo, Nine y Valença\_, “sin cambio de maquinista” en la frontera.

Estas palabras recogidas en el marco de la declaración conjunta de la Cumbre luso-española aclaran las dudas surgidas sobre el servicio y completan el anuncio hecho en la anterior cumbre entre ambos estados, en que se anunció la puesta en marcha del primer tren Vigo-Oporto.

La cumbre ha servido para renovar el compromiso de los dos estados ibéricos en materia ferroviaria y, en este sentido, han “reafirmado la importancia estratégica” de los enlaces transfronterizos Lisboa-Sines-Caia-Madrid-Irún y Aveiro-Salamanca-Irún.

En su declaración final y sobre los mencionados corredores, acordaron “trabajar de manera coordinada en las actuaciones, tanto iniciadas como futuras, que impulsen el desarrollo” de los mismos. Esos corredores, mediante la implantación programada del ancho de vía europeo, la electrificación y las condiciones infraestructurales para la circulación de los trenes de mercancías de 750 m, con pendientes adecuadas, permitirán el transporte de mercancías

de alta capacidad dentro de la Península Ibérica y más allá de los Pirineos.

España y Portugal han reiterado su compromiso en el desarrollo del transporte ferroviario de mercancías entre los dos países y el resto de Europa, con el fin de “promover la competitividad” y, por ende, de las economías respectivas. En este sentido, se han felicitado por la entrada en funcionamiento del corredor ferroviario de mercancías del Atlántico, el pasa-

do 10 de noviembre de 2013, que supone “una contribución a la mejora de la eficiencia del transporte ferroviario de mercancías”.

Los asistentes instaron a poner en marcha el grupo de trabajo para la cooperación en materia de infraestructuras creado mediante la Declaración de Intenciones, firmada el 17 de mayo de 2013. También destacaron el mapa ibérico de infraestructuras de transportes y pidieron a las empresas gestoras que realizaran trabajos de forma “articulada”. En lo referente al transporte terrestre, ambos países se congratularon de los “avances” en la negociación entablada con vistas a la firma de los Convenios sobre el Puente Internacional del Guadiana y el Puente Internacional Rodoferroviario de Valença.

Además, varios ministros participaron en el Consejo Hispano-Luso de Seguridad y Defensa, presidido por los jefes de Gobierno, junto a los ministros de Defensa y los jefes de Estado Mayor de la Defensa. Los ministros constataron la intensidad de unas relaciones económicas bilaterales muy diversificadas. España está interesada en reforzar las comunicaciones ferroviarias y de otro tipo con Portugal por la sinergia positiva que ello puede crear para ambos paí-





ses y, en este ámbito, el interés de Portugal en potenciar la red ferroviaria de transporte de mercancías puede suponer una oportunidad para las empresas españolas. Otro sector donde podría haber un gran potencial es el mercado energético ibérico y europeo.

Por su parte, el secretario de Estado para la Unión Europea, Iñigo Méndez de Vigo, mantuvo una reunión con su

homólogo, Bruno Maçaes, con quien acercó y consensuó posiciones en cuestiones europeas de interés compartido como la promoción del empleo juvenil, el refuerzo de la Unión Económica Monetaria, las interconexiones y la energía.

Méndez de Vigo trasladó a su homólogo el apoyo de España a un mercado trasatlántico integrado, como muestra la implicación española en las negociaciones comerciales con Estados Unidos, mediante un TTIP ambicioso y de amplio alcance que contribuya al crecimiento económico y la creación de empleos. También, ha recordado la necesidad en seguir avanzando en las importantes negociaciones con Mercosur.

**MARIANO RAJOY AFIRMÓ EN LA XXVII CUMBRE LUSO-ESPAÑOLA QUE ES NECESARIA UNA AUTÉNTICA POLÍTICA ENERGÉTICA QUE ASEGURE EL SUMINISTRO DE LA UNIÓN EUROPEA A PRECIOS ASEQUIBLES PARA EMPRESAS Y FAMILIAS**

## FORTALECER A COOPERACIÓN

O Alcalde de Tui, Moisés Rodríguez Pérez, e o Presidente da Câmara Municipal de Valença, Jorge Salgueiro Mendes, acompañados do Concelleiro de Tui, José Angel Villaverde Rocha e do Vereador de Valença, José Monte, recibiron ao novo equipo directivo da AECT Galicia – Norte de Portugal. A reunión serviu para presentar ao equipo directivo da Oficina de cooperación transfronteiriza da Eurorexión, composto pola súa directora, a portuguesa Maria Geraldés, e o Secretario, o galego Xosé Lago.

Na xuntanza, abordáronse entre outras cousas dúas actuacións de carácter transfronteirizo na Eurocidade: Un encontro sobre “A colaboración en rede na promoción do cooperativismo e a economía social: a Rede Eusumo”, e uns “Job Days Galicia- Norte de Portugal”.

A primeira destas actuacións tivo por escenario a Aula UNED de Tui. Este encontro tivo como obxectivo o fortalecemento da colaboración institucional e a intercooperación entre as entidades de economía social de Galicia e do Norte de Portugal. Ademais, dispuxose dun espazo no que se exhibiu unha mostra de produtos e servizos das cooperativas da Eurorexión no que presentaron as súas propostas empresariais. As persoas destinatarias desta actividade foron, principalmente, os axentes públicos e privados relacionados coa promoción do cooperativismo e o autoemprego na Eurorexión Galicia-Norte de Portugal: axentes de emprego e desenvolvemento local, persoas socias de cooperativas xa constituídas, persoas que están interesadas en emprender e público en xeral.

Pola súa banda, os “Job Days Galicia – Norte de Portugal” celebrouse na “Area Panorámica” de Tui, concibido como un encontro dedicado a facilitar o contacto entre empresarios e profesionais do sector metalúrxico e promover así a mobilidade e a colocación/contratación no territorio da Eurorexión. Este primeiro Job Day dispuxo dun área de exposición e stands, destinados fundamentalmente ao intercambio de información cos candidatos ás prazas vacantes que previamente se teñan ofertado; á realización de entrevistas cos candidatos; e á publicitación das ofertas de emprego nunha plataforma informática especialmente habilitada para o evento. Tamén se celebraron conferencias e presentacións temáticas especializadas, sobre temas como o desprazamento de traballadores entre Galicia e Portugal; os procedementos da contratación transfronteiriza; o funcionamento do servizo EURES; a situación e tendencias do mercado laboral; as vacantes de difícil cobertura; os apoios á mobilidade transfronteiriza; ou as temáticas da Innovación nas Pequenas e Medianas Empresas e os Fondos Europeos para as empresas no período 2014-2020.

A actividade tivo lugar no marco da campaña Galicia-Norte de Portugal Joy Days, coa participación de varios Organismos como a AECT, o EURES transfronteirizo Galicia – Norte de Portugal, Xunta de Galicia, Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, o concello de Tui, Cámara de Valença e organizacións empresariais como ASIME e AIMMAP.

## NORTE DE PORTUGAL E GALICIA, O EXEMPLO

O director de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, interveu na capital da antiga república iugoslava de Macedonia durante unha reunión do Comité Consultivo Conxunto que mantén o Comité das Rexións (CdR) con este país co obxecto de facer un seguimento do seu proceso de preparación para a adhesión á UE, iniciado no 2005. No contexto dese encontro foron presentadas as ferramentas que a UE pon a disposición dos entes locais e rexionais dos países candidatos para apoiar tal proceso a través da cooperación transfronteiriza.

Co obxectivo de ilustrar os potenciais beneficios que este tipo de asociacións territoriais poden implicar para os países candidatos, o CdR elixiu como referente a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (AECT-GNP) e convidou ao director xeral a compartir na xuntanza as boas prácticas e proxectos levados a cabo no seo da asociación luso-galaica coas autoridades locais e rexionais macedonias.

Durante a súa intervención ante os membros do Comité Consultivo Conxunto, composto por autoridades rexionais e locais comunitarias e da antiga república iugoslava, o di-

rector xeral sinalou a idoneidade desta ferramenta para fomentar a cooperación entre os países candidatos e os Estados membros veciños nas fases previas á adhesión, traballando pola solución de posibles conflitos históricos. Esta cooperación serviría para suavizar a fría relación que mantén a ex-república iugoslava con Grecia dende a súa declaración de independencia en 1991, ao non recoñecer o país heleno o seu nome constitucional, Macedonia, por ser tamén o nome dunha histórica rexión grega. O traballo en torno á cooperación transfronteiriza das dúas Macedonias sería polo tanto vital para facilitar a entrada da Antiga República iugoslava de Macedonia na UE.

Seguindo con este argumento, Jesús Gamallo presentou como exemplo o traballo de achegamento realizado nunha das fronteiras máis vellas e estables de Europa dende a sinatura en 1991 do Acordo Constitutivo da Comunidade de Trabajo Galicia – Norte de Portugal. Este acordo deu un novo pulo ás relacións entre a nosa comunidade e a rexión norte do país veciño, principalmente a través da mellora das infraestruturas, resultando nun impulso á cooperación e aos intercambios transfronteirizos. Na súa intervención, o director xeral sinalou tamén como ese proceso de integración se viu reforzado en 2010 coa posta en



marcha da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, a terceira da súa clase no seo da UE, que converteu á eurorexión nun referente da cooperación territorial, grazas aos logros acadados durante anos de traballo conxunto.

Resumindo algúns dos proxectos de máis peso dese labor conxunto, o director xeral remarcou o feito de que este estivo centrado nos últimos tempos en cuestións como o fomento do emprendemento e a competitividade, a formación para o emprego ou o coñecemento e a innovación, respondendo aos obxectivos establecidos pola Estratexia Europa 2020.

Jesús Gamallo aclarou tamén que, aínda que o presente se trata dun ano de transición debido a que están pendentes de aprobación os regulamentos que rexerán os programas operativos rexionais de Galicia e o Norte de Portugal, dende a AECT-GNP se continuase a traballar en novos proxectos que favorezan que o PIB da eurorexión acadase o 90% do da UE nos vindeiros anos.

Entre estes novos proxectos, destacou a recente aprobación do programa de co-

operación cultural, científica e pedagóxica entre as universidades e os centros de ensino superior da eurorexión, o Iacobus. Esta iniciativa porase en marcha durante o curso académico 2014-2015, e permitirá ao alumnado, equipo docente e persoal de administración de once universidades da eurorexión, desfrutar de estadias en centros de ensino do país veciño. O obxectivo será o de crear unha auténtica conciencia de pertenza a un espazo común, ao tempo que se mellora a calidade do traballo destes centros e a investigación científica.

Este comité foi creado polo Comité das Rexións (CdR) en marzo de 2008 para seguir as reformas internas da Antiga República iugoslava de Macedonia e promover o diálogo político cos representantes das autoridades locais e rexionais. As reunións deste organismo permiten aos membros do CdR que o compoñen coñecer as prioridades políticas dos representantes rexionais e locais macedonios, así como intercambiar puntos de vista sobre a situación xeral e posibles preocupacións acerca de aspectos concretos da preparación da adhesión.

**DURANTE A SÚA INTERVENCIÓN, JESÚS GAMALLO PRESENTOU AS OPORTUNIDADES QUE OFRECE A COOPERACIÓN TERRITORIAL, EXEMPLIFICÁNDOAS NO TRABALLO REALIZADO POLA AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL**



## AS CATEDRAIS, UNA MARAVILLA

El peñón de Gaztelugatxe, en Bermeo (Vizcaya), el Parque Natural de Somiedo, en Asturias, y el Parque Natural de Cabo de Gata, en Almería figuran entre las siete Maravillas Naturales de España a cuya lista también se han incorporado As Médulas (León), el Parque Natural de Lagunas de Ruidera (Ciudad Real), Fuente Dé y la Playa de As Catedrais (Lugo).

Los paraísos más hermosos y representativos del país han sido elegidos en una votación popular, organizada por Allianz Global Assistance en la web [www.7maravillas.es](http://www.7maravillas.es)

Veinte paraísos naturales optaban a la votación popular que comenzó el pasado 28 de mayo y se cerró el domingo 8 de junio a medianoche. Se han contabilizado y verificado más de 82.000 votos. Los votantes podían elegir un máximo de tres lugares y compartir su voto en las redes sociales a través del hashtag #7Maravillas.

A esta declaración aspiraban otros trece parajes: La Selva de Irati, el Parque Nacional de Timanfaya, el Parque Nacional de las Islas Atlánticas, el Monasterio de Piedra, el Parque Nacional del Teide, Río Tinto, el Parque Nacional de Monfragüe, el Torcal de Antequera, las Cuevas del Drach, el Parque Nacional de Doñana, el Parque Natural de la Albufera, el Macizo de Montserrat y el Hayedo de Montejo.

En una segunda fase cualquier internauta tendrá la oportunidad de optar al puesto de explorador de las 7 Maravillas. El explorador viajará a los siete parajes en el próximo mes de julio y contará sus experiencias en un libro oficial sobre las 7 Maravillas que se publicará después del verano.

A esta declaración de los paraísos más hermosos aspiraban otros trece parajes: La Selva de Irati, Timanfaya, el Parque Nacional de las Illas Atlánticas, el Monasterio de Piedra, Teide, Río Tinto, Monfragüe, el Torcal de Antequera, las Cuevas del Drach, Doñana, el Parque Natural de la Albufera, el Macizo de Montserrat y el Hayedo de Montejo.

## GALICIA CONTINUARÁ LIDERANDO

Director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, asistiu á reunión entre os responsables da área internacional das cinco rexións que forman parte da Macrorrexión do Suroeste de Europa (RESOE) que tivo lugar en Coimbra. Na xuntanza, decidiuse que Galicia continuase ó fronte do Grupo de Educación, Cultura e I+D+i, uns dos máis activos dentro da Macrorrexión.

A reunión centrouse na organización interna da Macrorrexión RESOE e na distribución dos grupos de traballo e as súas competencias, ademais de acordar o calendario de tarefas que ten por diante cada un dos Grupos. No caso galego, a asignación de novo do Grupo de Educación, Cultura e I+D+i supón – entre outras tarefas – continuar liderando a Conferencia de Reitores das Universidades do Suroeste de Europa (CRUSOE), integrada ata agora por universidades de Castela-León, Galicia e Portugal, e que ten por obxectivo contribuir a consolidación dun espazo común europeo para a Educación Superior que permita aumentar a mobilidade.

Jesús Gamallo reiterou na súa intervención a determinación da Macrorrexión de erixirse en referente do crecemen-

to intelixente, sustentable e integrador que preconiza a Unión Europea a partir da Innovación.

Dentro da Macrorrexión RESOE, Galicia lidera o grupo de Educación, Cultura e I+D+i, que é un dos cinco cos que conta a macrorrexión, que conta tamén con transportes e lóxística, competitividade industrial, demografía, e turismo e fomento do emprego

A Macrorrexión RESOE naceu como unha iniciativa de cooperación transfronteiriña que se puxo en marcha por primeira vez no sur do continente europeo e que ten entre os seus obxectivos gañar máis peso en Europa, ademais de aumentar as posibilidades potenciais de acceder a fontes de financiamento comunitario, especialmente de cara ao novo período de orzamentos que se abriu este ano.

Ca creación da Macrorrexión logrouse un reforzo da alianza político institucional entre Galicia, Castela –León, o Norte de Portugal e, recentemente, Asturias e o Centro de Portugal; centrándose en tres grandes áreas de actividade, como son transportes e lóxística, competitividade industrial centrada no sector da automoción e excelencia na ensinanza superior e investigación.



# JULIO



## DÍA 1

- Galp Energia vence leilão de energia da Deco.
- Moody's baja un peldaño la nota a Abanca sin conocer todos sus datos.
- 1,8 milhões já receberam reembolso do IRS.

■ Parquímetros suspensos em 27 ruas de Braga voltam ser pagos.

## DÍA 2

- Família Espírito Santo equaciona entrada do Estado venezuelano para salvar o grupo.
- Pescanova reestruturará en profundidade sus filiales españolas para salvar el grupo.
- Academia Latina distingue Carlos do Carmo com Grammy pela sua obra.
- Duas nações em debate: Parlamento entre fim do pro-

tectorado ou o Portugal da austeridade.

■ La Junta Electoral da vía libre para el nuevo gobierno municipal de Agustín Hernández en Santiago.

■ El paro baja en 11.134 personas en junio en Galicia, hasta 252.310.

## DÍA 3

■ Portugal vai ter 400 mil quilómetros quadrados de áreas marinhas protegidas.

■ Os restos mortais da poetisa Sophia de Mello Breyner Andresen foram trasladados para o Panteão Nacional.

■ Pemex traslada sociedades a España y podría relanzar su gran fortín gallego para la UE.



## DÍA 4

■ El Gobierno obliga a liberalizar los horarios en las zonas turísticas de A Coruña.

■ Vítor Bento será o novo presidente executivo do BES.

■ Ministério da Educação propõe prémio para câmaras que trabalhem com menos docentes.

## DÍA 5

■ El Supremo abre la puerta a que los daños del "Pres-tige" los pague la aseguradora.

■ Competencia avisa que Lavacolla y Alvedro se solapan.

■ Xosé Filgueira Valverde será homenaxeado no "Día das Letras Galegas" do 2015.

■ Portas fala em "possibilidade efectiva" de recuperação de rendimentos em 2015.

## DÍA 6

■ Primeiro-ministro luso afasta hipótese de renegociar dívida pública.

■ Vigo sigue líder en congelado pese a las caídas de Pescanova, Freiremar y Vieira.

■ Oporto triplica los destinos extranjeros



que ofrecen los tres aeropuertos gallegos.

## DÍA 7

■ La edad media de la población gallega sube 2 años por la caída de la natalidad.

## DÍA 8

■ Agustín Hernández ya es el nuevo alcalde de Santiago.

■ El Dépor prescinde por sorpresa del entrenador Fernando Vázquez.

## DÍA 9

■ Gaia tem 100 casas para arrendamento social entregues em estado de degradação.

## DÍA 10



- Rali de Portugal regressa ao norte do país e vai custar mais 500 mil euros.
- La Audiencia sienta en el banquillo a la antigua cúpula de la caja gallega.
- Medalla de Ouro de Galicia para los vecinos de Angrois.
- CMVM suspende negociação das ações do BES.
- Víctor Fernández, nuevo entrenador del Deportivo de A Coruña.

**DÍA 11**

- Instabilidade no BES faz regressar fantas-



- ma da crise em Portugal.
- Portugal já é o país da União Europeia onde nascem menos bebés.
  - El alcalde López Orozco anuncia la intervención del servicio de basura de Lugo.
  - El FROB dice ahora que quiere recuperar el dinero de las indemnizaciones de Novacaixagalicia.

- Moody's e DBRS cortam ratings do Grupo Espírito Santo.
- Passos Coelho diz que depositantes do BES podem confiar no banco.
- La licitación de obra pública en Galicia sube un 53,43% en el primer semestre.
- En 15 años los campus gallegos perdieron casi la mitad de las matrículas.

**DÍA 13**

- Bloco em risco de desintegração: Fórum Manifesto sai e UDP diverge.
- Cortes salariais são maior causa de endividamento do que o despedimento.

- Alemania gana en la final a Argentina y se adjudica el Mundial de fútbol.
- Pedro Sánchez será el nuevo secretario general del PSOE.

**DÍA 14**

- El País Vasco permite ahora faenar a Galicia en sus aguas interiores.
- Câmara do Porto quer evitar propaganda no centro histórico.
- Feijóo pide que comunidades y Estado pacten los servicios públicos prioritarios.

**DÍA 15**

- La Xunta exige que bajen los peajes de la AP-9.
- Relatório final sobre Estaleiros de Viana aprovado sob acusações de "branqueamento".
- Um quarto da riqueza de Portugal está nas mãos de 1% da população.
- Juncker será el nuevo presidente de la Comisión Europea.





## EL FÚTBOL SE DESPIDE DE DI STÉFANO

**A**lfredo di Stéfano, presidente de honor del Real Madrid, falleció a la edad de 88 años en el hospital Gregorio Marañón de Madrid, tres días después de sufrir una parada cardiorespiratoria cuando salía de un restaurante.

El Real Madrid comunicó el fallecimiento de Di Stéfano en un comunicado en el que aseguraba que “el Presidente del Real Madrid, Florentino Pérez, y la Junta Directiva del club quieren expresar sus más profundas condolencias y todo su cariño y afecto a sus hijos, a sus familiares y amigos. El Real

Madrid extiende estas condolencias a los madridistas de todo el mundo y a los que sienten con emoción la pérdida del mejor jugador de todos los tiempos”, señala el comunicado del club.

Di Stéfano, La Saeta Rubia, considerado uno de los cuatro grandes del fútbol mundial junto con Pelé, Diego Maradona y Johan Cruyff, sufrió una parada cardíaca en un calle cercana al estadio Santiago Bernabéu y desde entonces permanecía ingresa-



do en la UCI de dicho centro médico. El legendario jugador del Real Madrid estaba en coma inducido, con intubación orotraqueal y ventilación mecánica en la Unidad Coronaria del hospital Gregorio Marañón, víctima de una “cardiopatía severa”, según último parte médico.

La “saeta rubia” nació el 4 de julio de 1926 en Buenos Aires (Argentina) y su unión con el club blanco comenzó en 1953 hasta 1964, en una de las etapas más gloriosas del madridismo.

Di Stéfano se fue del Real Madrid en 1964, con 38 años, tras perder la final de la Copa de Europa, dejando atrás 510 partidos oficiales con el equipo blanco, en los que marcó 418 goles.



**DÍA 16**

- Grupo Espírito Santo pretende vender ativos não financeiros no Brasil.
- Governo quer entendimento sobre gestão da ponte do Infante.
- PT e Oi assinam novo acordo para concluir a fusão.
- Inditex es el 2,4 % del PIB de Galicia.
- La AP-9 baja de los 20.000 usuarios al día por vez primera desde el 2003.

**DÍA 17**

- Medicina, Odontología, Química y Biología, las carreras con la nota de corte más alta.
- Com acordo fechado, Passos espera que fundos europeus sejam “bem” aproveitados.
- Los líderes de la UE, incapaces de pactar los altos cargos de la comisión.
- Arquivo de Álvaro Siza pode ir parar ao Canadá.
- Empresas com salários em atraso impedidas de admitir estagiários com apoios do Estado.

- Galicia pide que el reparto de fondos contra pobreza incluya el criterio poblacional.

**DÍA 18**

- Justiça está a investigar crise no Grupo Espírito Santo.

**DÍA 19**

- La Xunta fija en A Coruña la sede “social y fiscal” de la nueva fundación de las antiguas cajas.

**DÍA 20**

- La playa de As Catedrais, una de las siete Maravillas Naturales de España.

**DÍA 21**

- Cavaco admite que “pode haver alguns efeitos” da crise do BES na economia.
- Investigadores de Coimbra desenvolvem programa pioneiro para a infertilidade.

**DÍA 22**

- Vargas Llosa recebe honraris causa enquanto passa férias em Lisboa.





■ Castilla y León, Galicia y Asturias impulsan el Corredor Atlántico.

■ España recibe la cifra récord de 28 millones de turistas hasta junio.

**DÍA 23**

■ BBVA cancela venda da filial portuguesa na sequência da crise no GES.

■ Galicia, cuarta comunidade con maior saldo fiscal positivo.

■ Feijóo aspira a que las exportaciones supongan el 40% del PIB en 2020.

■ Contrapartidas deram 50 milhões de prejuízo aos Estaleiros de Viana.

■ “Noroeste Global” une

Braga a Guimarães, Porto e Aveiro.

**DÍA 24**

■ La Xunta abre a personal de la empresa privada puestos directivos en entes públicos.

■ El “caso Alvia” cumple un año con 13 imputados y juez y fiscal enfrentados.

■ El paro baja en 12.600 personas en Galicia en el segundo trimestre.

■ Ricardo Salgado detido no âmbito da operação Monte Branco.

■ Portugal mantém 41.ª posição no Índice de Desenvolvimento Humano.

**DÍA 25**

■ Felipe VI en la Ofrenda al Apóstol Santiago: “Galicia, gracias de corazón”.

**DÍA 26**

■ BES perdeu 3,4 mil milhões desde o aumento de capital.

**DÍA 28**

■ Passos diz que a economia não pode estar na mão de “meia dúzia de grupos económicos ou sociais”.

**DÍA 29**


■ Amancio Ortega consigue un récord do mundo; gañar 521 millóns nun día.

■ Procuradoria nega investigación a Sócrates no caso Monte Branco.

**DÍA 30**

■ O día na comisión de inquérito começou con un “incidente” e terminou con una querrela sobre “o pai dos submarinos”.

■ Unanimidad en la Diputación ourensana para reclamar la autovía Ourense-



Lugo.

■ Familia Espírito Santo cai da lista dos mais ricos em Portugal.

**DÍA 31**

■ Galicia ocupa el quinto puesto del mundo en elaboración de granito.

■ El Banco de Portugal aponta atos de gestão graves no BES

■ La economía gallega crecerá algo más de un 1% este ejercicio y rondará el 2% en el año 2015



## UN COMITÉ DAS REXIÓNS MÁIS FORTE

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, participou en Bruxelas na celebración do 20º Aniversario da creación do Comité das Rexións (CdR), acto enmarcado no 107º pleno deste órgano consultivo que serve de voceiro das posturas e opinións das cidades e rexións europeas.

A cerimonia central, aínda que facendo balance dos vinte anos de historia do órgano, estivo centrada nos desafíos e oportunidades que ten por diante o CdR. Na serie de debates que se desenvolveron durante o acto participaron representantes do Parlamento



**GALICIA TEN DESEMPEÑADO TAREFAS DE RESPONSABILIDADE EN VARIOS DOS MANDATOS DESTE ÓRGANO, FORMANDO PARTE DO SEU ÓRGANO DE GOBERNO DURANTE NOVE ANOS E OSTENTANDO DE 2000 A 2002 E DE 2012 A 2013 UNHA DAS VICEPRESIDENCIAS DO COMITÉ**

**O DIRECTOR XERAL JESÚS GAMALLO SINALOU A INMELLORABLE POSICIÓN DAS REXIÓNS E CIDADES, POLA SÚA PROXIMIDADE, PARA ACTUAR COMO INTERLOCUTORES COA SOCIEDADE**

Europeo, do Consello Europeo e da Presidencia grega da UE, así como membros do CdR e representantes de asociacións xuvenís. As claves destas discusións foron o necesario proceso de reconexión coa cidadanía e o papel político e institucional que lle corresponde ao CdR na Europa do futuro.

O director xeral galego sinalou a inmillorable posición das rexións e cidades, pola súa proximidade, para actuar como interlocutores coa sociedade, reclamando, así mesmo, que os ditames elaborados dende o CdR traballen por facer máis accesible a política europea aos cidadáns, evitando ser excesivamente técnicos. Respecto do rol político e institucional que ha de asumir o CdR no futuro, Gamallo lembrou o mandato dun “CdR máis forte nunha nova Europa”, reivindicando un peso maior deste órgano na elaboración das políticas comunitarias e avogando pola posibilidade de que o CdR conte con posicións propias respecto a cuestións de actualidade, me-



diante resolucións pactadas entre os grupos políticos.

O acto central das celebracións serviu así mesmo como despedida para o ata agora presidente do CdR e presidente da Rexión de Murcia, Ramón Luís Valcárcel, que abandona o cargo por ter sido elixido para ocupar unha bancada no Parlamento Europeo. Para substituílo, durante a sesión plenaria foi elixido como novo presidente o belga Michel Lebrun.

Tamén con motivo do vixésimo aniversario do CdR, nesta sesión plenaria foi aprobada unha resolución sobre o “Empoderamento dos entes locais e rexionais na UE”, na que este reivindican o papel que quere desempeñar no eido político e institucional nun futuro a partir da análise do traballo realizado durante estes 20 anos. A resolución marca tres obxectivos estratéxicos

para o CdR: a recuperación da confianza cidadá na UE, a promoción dun novo modo de funcionamento para a UE, baseado na Carta da Gobernanza Multinivel aprobada en abril deste ano, e a consolidación do peso dos entes subestatais no proceso decisorio.

Así pois, o CdR reclama un maior recoñecemento da súa lexitimidade, singularidade e complementariedade na arquitectura institucional da UE, e polo tanto unha maior participación dende fases iniciais en cuestións como a elaboración da programación anual e plurianual da UE e na gobernanza económica, que, consideran, ha de contar cun enfoque máis territorial.

Galicia é membro do Comité das Rexións dende a súa creación, e, polo tanto, tamén veu traballando durante estas dúas décadas en dar un peso maior ás rexións dentro da



UE. Con tal fin, os representantes galegos teñen participado en distintas comisións sectoriais, facéndoo con especial intensidade naquelas relacionadas coa cohesión territorial, a política social e o desenvolvemento sostible. No seo destas comisións, Galicia liderou dende 1994 oito ditames, referidos a cuestións como a aplicación do principio de subsidiariedade en Europa, o reparto de fondos estruturais ou a acuicultura. Os últimos ditames elaborados por Galicia referíronse á creación dunha nova figura xurídica para facilitar a cooperación territorial, ao deseño dunha nova política europea de cooperación ao desenvolvemento e ao modo de executar os fondos comunitarios cunha maior eficacia. Ademais, Galicia ten desempeñado tarefas de responsabilidade en varios dos mandatos deste órgano, formando parte

do seu órgano de goberno durante nove anos e ostentando de 2000 a 2002 e de 2012 a 2013 unha das vicepresidencias do Comité. Así mesmo, do 1998 ao 2000, asumiu, co apoio da Fundación Galicia Europa, a xefatura da Delegación española, incorporando importantes novidades en canto á súa estrutura e funcionamento e favorecendo a coordinación entre as distintas CC.AA. para a súa plena participación no Cdr.

Aínda sendo a celebración do 20º Aniversario o centro desta sesión plenaria, a orde do día incluíu, como é habitual, o debate e aprobación de varios ditames e resolucións. Entre os temas abordados polos trece ditames sometidos a votación durante estas xornadas de pleno atopáronse cuestións de política urbana e mobilidade, medio ambiente, xustiza e interior, servizos de emprego e atención a persoas sen fogar, entre outros.

O Comité das Rexións é a asemblea consultiva comunitaria na que están representados os entes locais e rexionais da Unión Europea. Está composto por 353 membros, 21 dos cales son españois. En representación da Comunidade Autónoma de Galicia, o membro titular é o propio Presidente da Xunta de Galicia, mentres que o cargo de membro suplente recae no Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. Na actualidade Galicia participa en dúas das seis comisións do Comité das Rexións: na comisión de Cidadanía, Gobernanza, Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) e na comisión de Cohesión Territorial (COTER). A Fundación Galicia Europa realiza labores de asesoramento e apoio á participación galega neste órgano comunitario, tanto nas comisións de traballo como nas sesións plenarias.

## VIGO Y OPORTO, UNIDOS

Vigo y Oporto estamos en la modernidad, somos el ejemplo europeo de cercanía entre dos ciudades de distintos países y podemos compartir elementos comunes, de entrada tanto en el turismo como en la innovación y la rehabilitación de cascos históricos, con enormes perspectivas”, aseguró el alcalde de Vigo en su visita a Oporto donde quedó sellado el pacto de colaboración de ambas ciudades, para su promoción conjunta.

Abel Caballero, alcalde vigués y su homólogo de Oporto, Rui Moreira, acordaron realizar una actividad turística conjunta entre ambas ciudades con el objetivo de compartir los visitantes procedentes de países de habla hispana y portuguesa que permanecen en alguna de las dos ciudades durante más de un día. Así lo señalaron ambos políticos en una rueda de prensa tras la visita que realizó Abel Caballero a la ciudad de Oporto en la que estuvo acompañado por los concejales socialistas Carmela Silva y David Regades.

La promoción conjunta de ambas ciudades se concretó en una posterior visita del presidente de la Cámara de Porto a Vigo, según matizaron ambos, que aclararon también que esta promoción turística incorporará asimismo una promoción de la dieta atlántica como factor cultural ya que, subrayó Caballero, “es notablemente superior a las del resto del mundo y nadie compite con nosotros en pescados, mariscos y en la forma de trazar la gastronomía”.

Durante su intervención ante la prensa portuguesa, Caballero manifestó su “enorme satisfacción” por el trato recibido en Oporto, donde visitó el casco histórico y la Cámara de Comercio además del edificio consistorial, y precisó que la actividad conjunta de ambas ciudades fortalecerá la presencia de ambas en Europa y generará “enormes perspectivas”. “Creemos que la capacidad de avance conjunta de Vigo-Oporto es muy importante porque somos dos ciudades con una visión moderna y muy actual que sabemos movemos por el mundo”, dijo el regidor vigués.

El alcalde de Oporto, por su parte, calificó a Caballero como “una persona histórica en España” y recordó que la relación entre ambas ciudades siempre ha sido excelente. “No somos ciudades vecinas sino hermanas”, dijo Rui Moreira, que agradeció el buen trato que siempre han recibido los portugueses en sus visitas a Vigo. Por ello se comprometió a devolver pronto la visita para conocer de cerca los avances realizados en Vigo.



## PORTUGAL, PRIMER DESTINO OFICIAL

Don Felipe y Doña Letizia viajaron a Portugal, acompañados por el ministro de Asuntos Exteriores y de Cooperación, José Manuel García-Margallo y la directora general de Relaciones Bilaterales con Países de la Unión Europea, Países Candidatos y Países del Espacio Económico Europeo, María Victoria Mora, en el primer viaje oficial del nuevo rey español.


En el Palacio Nacional de Belém se reunieron con el presidente de Portugal, Aníbal Cavaco Silva y su esposa, María Cavaco Silva. Mientras don Felipe mantenía un encuentro con el presidente de Portugal en el despacho del Presidente, la reina mantuvo un encuentro, por separado, con María Cavaco Silva y la presidenta de la Asociación Nacio-

nal de Deficiencias Mentales y Raras de Portugal, Paula Costa, donde conoció de primera mano la situación del colectivo de personas afectadas por enfermedades raras en el país vecino.

Tras la reunión, comparecieron ante la prensa para dejar constancia del buen momento de las relaciones entre los dos países y para ratificar su compromiso de seguir por el mismo camino en el futuro. Don Felipe aseguró que ambos países tienen intereses y problemas comunes que deben ser afrontados con una "voluntad de trabajo" conjunta, gracias a la "relación tan especial, de buena vecindad, amistad y trabajo en común" que nos une.

El presidente luso y su esposa ofrecieron, en el Pala-

cio Nacional de Queluz, un almuerzo en honor de los reyes españoles, al que también asistieron el primer ministro de la República Portuguesa, Pedro Passos Coelho y la presidenta de la Asamblea de la República, Assunção Esteves,



**“EL TEJIDO DE VÍNCULOS DE TODO TIPO ENTRE PORTUGAL Y ESPAÑA —TANTO PERSONALES, PROFESIONALES Y EDUCATIVOS, COMO EMPRESARIALES, CULTURALES, CIENTÍFICOS Y ACADÉMICOS— ES HOY DE UNA DENSIDAD Y UNA RIQUEZA EXTRAORDINARIAS”, DIJO EL REY**

además de representantes de la sociedad, la economía y la cultura lusa.

Antes de dar comienzo el almuerzo el rey pronunció unas palabras en las que destacó que las sociedades española y portuguesa, junto a otras de nuestro entorno y de otras regiones del mundo, "han venido acusando en los últimos años el impacto de una dura crisis económica que ha provocado un inaceptable incremento del desempleo que ha afectado a millones de ciudadanos, muchos de ellos jóvenes. La plena superación de esta crisis y, en especial, del desafío del paro, representa uno de los principales retos colectivos de nuestros dos países que tanto los ciudadanos portugueses como los españoles están abordando con coraje, esfuerzo y

sacrificio". "Es tiempo de vencer definitivamente estos obstáculos, no tengo duda de que lo conseguiremos; y es tiempo de continuar con fuerza nuestra senda compartida de progreso".

También Don Felipe quiso recordar en esta visita los vínculos tan fuertes de amistad y afecto mutuo que unen a la Familia Real con Portugal. "No solo por la hospitalidad que siempre recibieron en este querido país mis abuelos los Condes de Barcelona, Don Juan y Doña María con su familia —que hoy agradezco una vez más—; sino, también, por la intensa relación que, en todo momento, han mantenido mis padres Sus Majestades los Reyes Don Juan Carlos y Doña Sofía con la nación portuguesa".

"El tejido de vínculos de todo tipo entre Portugal y España —tanto personales, profesionales y educativos, como empresariales, culturales, científicos y académicos— es hoy de una densidad y una riqueza extraordinarias. Así lo acreditan las Cumbres anuales bilaterales, nuestra estrecha cooperación transfronteriza y las reuniones de los foros parlamentarios".

"Y así lo prueban y ponen de relieve también los continuos contactos que desarrollan nuestras sociedades, con iniciativas como los foros de promoción de la innovación, de emprendedores y de colaboración universitaria. Todo ello constituye un patrimonio común, una inmejorable relación bilateral, que se nutre de un profundo conocimiento mutuo, y que, al mismo tiempo lo enriquece", dijo el monarca español.

Asimismo los monarcas españoles mantuvieron encuentros con el primer ministro, Pedro Passos Coelho, y la presidenta de la Asamblea de la República, Assunção Esteves.

## COOPERACIÓN NA LOITA POLO EMPREGO

O primeiro "Job day" da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, celebrado en Tui e organizado pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), permite pechar preto de 50 contratacións por parte de 14 empresas galegas e portuguesas.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, acompañada do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, Jesús Gamallo, inaugurou este encontro que ten dous obxectivos principais: a cooperación transfronteriza e a loita polo emprego. A súa finalidade é facilitar o contacto entre empresarios e profesionais dun sector determinado, neste caso do metal, e promover así a contratación no marco da Eurorrexión.

A titular de Traballo explicou que a cooperación de proximidade "é un instrumento esencial". Indicou que xa existe unha mobilidade fluída

na Eurorrexión, que debe seguir promovéndose, tal e como xa se está a facer con diversas actuacións a través da oficina de cooperación. Neste sentido, destacou a formación profesional transfronteriza destinada a formar ás persoas en situación de desemprego de ambos lados da fronteira e capacitalas para optar a postos de traballo nos dous países; a rede Eusumo, coa celebración dos primeiros encontros luso-galaicos de economía social e facilitando o acceso das cooperativas portuguesas á mesma; ou a homologación dos títulos de formación profesional e o seu recoñecemento en ambos países para as especialidades de mecánica e electrónica do automóbil e que se vai abrir á hostalería ou á madeira.

Así mesmo, Beatriz Mato destacou o "importante papel" que xoga o Eures no ámbito da promoción da mobi-

de Portugal é o único servizo Eures transfronteirizo que hai en España.

Por último, é preciso salientar o Plan de investimentos conxuntos, que recolle as principais liñas de actuación da Eurorrexión "para avanzar no camiño dun crecemento intelixente, integrador e sostible". Mato indicou que un dos eixes básicos deste plan é "fomentar unha eurorrexión competitiva que aposta polo emprego".

Nese sentido, avanzou que nas vindeiras convocatorias con financiamento comunitario apoiárase de forma especial aqueles proxectos conxuntos que se centren no emprendemento, o cooperativismo, o emprego xuvenil, a creación de viveiros de empresas ou o fomento da mobilidade laboral.

Doutra banda, a titular de Traballo explicou que o "Job Day" centrarase no sector do metal, que representa o 20% do PIB de Galicia e está composto por máis de 3.600 empresas, en actividades como a automoción, o naval, a construción ou a fabricación de produtos metálicos, e dá emprego a preto de 57.000 traballadores.

Mato lembrou que a Xunta estase a volcar neste sector con iniciativas como a alianza estratéxica con Pemex, que vai reportar a Galicia 600 millóns. Así mesmo, desde o departamento autonómico estase a colaborar directamente con ASIME, o principal axente social do sector, en iniciativas como a formación homologada internacional para preto de 800 traballadores do naval en situación de desemprego cun investimento de 1,1 millóns de euros; ou o Empreganav, que finalizou nos primeiros meses deste ano, e que foi unha iniciativa pioneira que promoveu a reinserción laboral de 450 profesionais do sector.



lidade dos traballadores da Eurorrexión. Trátase dun servizo que naceu en 1998 como resultado da asociación da Comisión Europea, a Xunta e o Instituto do emprego e formación profesional de Portugal. O de Galicia e norte

## A AUGA TERMAL COMO FÍO CONDUTOR

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro Domínguez; o delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense; Rogelio Martínez; o alcalde de Verín, Juan Manuel Jiménez Morán; o alcalde de Chaves, Antonio Cândido Monteiro Cabelleira; e mais o presidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar asistiron en Verín á presentación da Guía Turística da Ruta Termal e da Auga Verín-Chaves-Vidago e mais á inauguración do primeiro tramo da Ecovía fluvial do Tâmega.

A guía enmárcase no proxecto Eurorexión Termal e da Auga, no que participan Turismo de Galicia; a Eurocidade Chaves-Verín AECT; a Deputación de Ourense; Turismo Porto e Norte de Portugal e a Asociación Termas de Portugal.

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro Domínguez realizou unha presentación da publicación na que resaltou a súa capacidade de difusión dos recursos asociados á auga minero-medicinal. Segundo dixo, editaran-

se 10.000 exemplares da guía -4.000 en castelán e 4.000 en inglés e 2.000 en portugués- e están dispoñibles para o público nas Oficinas de Turismo de Xunta de Galicia, nas oficinas turísticas de Verín e Chaves, así como nas oficinas de información turística que Turismo Porto e Norte ten nas principais cidades do norte de Portugal.

Nava Castro explicou que a auga termal é o fío condutor dunha ruta que ten por obxectivo a difusión dos recursos turísticos dun territorio que atesoura algúns dos enclaves vinculados á auga minero-medicinal máis singulares da comunidade. "A aposta conxunta neste proxecto polo turismo de saúde e benestar materialízase na posta en marcha de accións colaborativas como a edición desta guía e do folleto explicativo da ruta", explicou.

A directora de Turismo tamén comentou que a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal é a rexión peninsular con maior concentración de manantiais minero-medicinais. "As industrias que xorden a raíz destes recursos endóxenos teñen contribuído notablemente ao desenvolvemento económico, social e sostible do territorio", dixo.

Na guía figura a información básica sobre a Eurorexión e a Eurocidade. Ademais, afóndase nas condicións das augas e explícanse as características físico-químicas das mesmas e as súas propiedades. A Ruta Termal e da Auga da Eurocidade Chaves-Verín conecta o patrimonio balneario deste territorio e combina rutas urbanas con rutas cicloturísticas. Así, ademais do patrimonio natural do transcurso do río Tâmega, o viaxeiro pode descubrir os recursos históricos e culturais das poboacións a través da conexión dos recursos termais.

A guía ofrece información

sobre os diferentes recursos hídricos e as súas indicacións, así como un sistema de información xeorreferenciada para localizar os recursos hídricos no territorio.

Ademais, inclúe información sobre a oferta complementaria do destino a nivel enogastronómico, relacionadas co Camiño de Santiago, coa oferta comercial, de aloxamento e restauración así como unha carta de augas minerais naturais. Inaugurouse tamén o tramo da Ecovía Fluvial do Tâmega, que se inclúe na ruta e que ofrece unha experiencia turística nunha paraxe de gran valor paisaxística.

A directora de Turismo de Galicia incidiu tamén na potencialidade de Galicia como destino termal de referencia e lembrou que Galicia é a comunidade líder a nivel estatal en canto a número de estacións termais así como en relación ás distincións de calidade turística neste tipo de establecementos.

Neste sentido, Conde, ó inaugurar en Baiona o I Foro Anual RIS3 Galicia-Norte de Portugal no que se iniciou o traballo para elaborar o documento, destacou as oportunidades e sinerxías que ofrece a colaboración transfronteiriza para optar aos 10.000 millóns de euros que reserva Europa, no marco do programa Horizonte 2020, para as rexións que cooperen.

“O establecemento da RIS3 galaico-portuguesa permitirá que o Norte de Portugal e Galicia opten con moita máis forza a fondos comunitarios, o que multiplicará a nosa capacidade de investimento, xa impulsada no caso de Galicia polos 1.600 millóns de euros que mobilizará a nosa propia Estratexia”, incidiu o conselleiro.

Nesta tarefa participarán axentes dos sistemas de innovación de ambos territorios para que, como xa sucedeu coas RIS3 individuais tanto de Galicia como do Norte de Portugal, “o resultado sexa unha estratexia de todos para todos”, sinalou Conde. O obxectivo é que antes de que remate o primeiro semestre de 2015, destacou o conselleiro, non só se presenten a nova RIS3 da Eurorexión, senón que se activen os primeiros proxectos estratéxicos

conxuntos.

A base para facer esta RIS3 serán as estratexias que cada rexión xa elaborou por separado, e que teñen moitos puntos en común. Así, a Estratexia de Especialización Intelixente da Eurorexión, destacou o conselleiro, permitirá a Galicia e o Norte de Portugal abordar “proxectos conxuntos naqueles áreas nas que sumemos capacidades científico-tecnolóxicas de vangarda, necesitamos unha masa crítica de empresas e investigadores á que nos sexa máis sinxelo chegar entre ambos, e sexamos capaces de acadar unha competitividade global”.

Entre os eidos dunha posible acción conxunta, Conde destacou a valorización dos recursos do mar, por exemplo para a obtención de novos biocombustibles; a modernización do sector agrícola; o desenvolvemento de tecnoloxías de enerxía undimotriz e offshore; a modernización do sector do turismo e das industrias culturais a través das TIC; a diversificación de sectores estratéxicos como o da automoción para acceder a industrias de alta tecnoloxía como a aeronáutica; o impulso a industrias estratéxicas como o téxtil a través do desenvolvemento de novos materiais; a incorporación das tecnoloxías facilitadoras como a nanotecnoloxía ou os materiais avanzados; a innovación nos procesos produtivos para avanzar cara a fábrica intelixente; e os alimentos funcionais para impulsar a vida saudable de portugueses e galegos.

“Traballar xuntos en todos estes eidos é algo inédito na historia compartida de Galicia e o Norte de Portugal que nos permitirá máis competitividade



de para as nosas pemes, máis captación de investimentos innovadores de grandes empresas, máis oportunidades para impulsar o talento dos nosos centros de coñecemento ao servizo do sector produtivo, e polo tanto máis crecemento e máis e mellor emprego”, defendeu Conde, que destacou os éxitos que a cooperación transfronteiriza xa ten permitido acadar ao Norte de Portugal e Galicia.

Son máis de 70 proxectos, indicou, os que ambas rexións puxeron en marcha de maneira conxunta durante o último ciclo orzamentario europeo, entre 2007 e 2013, aos que se suman aos fitos dos proxectos de colaboración que incluíron aos Gobernos centrais de ambos países, como o Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía de Braga, “que nos está a poñer á cabeza do desenvolvemento dunha das áreas científicas máis prometedoras desde o punto de vista médico, empresarial e industrial”, destacou o conselleiro.

## O VALOR DA INFORMACIÓN

**A**Xunta asinou un protocolo de colaboración para crear o “Gabinete de Información da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal”, unha estrutura que aglutinará toda a información dispoñible sobre a Eurorexión co fin de aumentar o seu valor en termos de iniciativas económicas, novas actividades, turismo ou innovación, entre outras.

Na sinatura participaron o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, por parte da Xunta; e o presidente da CCDR-N e da Comunidade de Traballo Galiza-Norte de Portugal, Emídio Gomes; así como unha trintena de representantes de administracións locais, universidades, centros de ensino superior, sindicatos, empresariados e cooperativas, entre outros. A idea é seguir incorporando moitos outros socios que queiran traballar no eido da cooperación transfronteiriza.

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal participa nun proxecto europeo cuxo obxectivo principal é incrementar o desenvolvemento e o atractivo da Eurorexión, a través do reforzo da cohesión territorial, económica e social; dinamizando un conxunto de axentes e de accións innovadoras dentro dos distintos ámbitos de cooperación transfronteiriza institucional.

Unha das actividades en-



**GALICIA E O NORTE DE PORTUGAL AGLUTINAN TODA A INFORMACIÓN DA EURORREXIÓN PARA ATRAER NOVAS INICIATIVAS ECONÓMICAS Á ZONA**

marcadas neste proxecto consiste en desenvolver un centro de recursos para a Eurorexión, así como a promoción dese espazo a través da creación dun Gabinete de Información da Eurorexión (GIE-GNP), unha estrutura que agrega toda a información dispoñible sobre esta zona e que permite a colaboración entre distintos axentes do territorio.

Este Gabinete de Información ten como obxectivos a creación dunha aplicación informática que permita o uso compartido da información a diferentes niveis, así como un espazo ou repositorio onde se aloxe toda a información da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.

Mediante estas ferramentas contribuirase á difusión e proxección interna e externa da imaxe da Eurorexión; o que axudará a aumentar o valor desta, en termos de iniciativas económicas, novas actividades, recursos humanos cualificados, cantidade e calidade de turismo, produción científica e innovación, etc.

No seu discurso, Gamallo asegurou que “unha vez máis, a Eurorexión amosa o seu compromiso coa cooperación porque as súas vantaxes están acreditadas. A experiencia demóstranos que cooperando gañamos todos, se somos quen de xerarquizar o gasto, evitando duplicidades innecesarias; se somos quen de coordinar os investimentos en favor do cidadán; se somos capaces de implicar á sociedade civil, xerando un clima de confianza mutua que estimule os negocios e o traballo conxunto”, concluíu o responsable das relacións exteriores da Xunta de Galicia.

## A COOPERACIÓN SANITARIA COMO PRIORIDADE

A sede da AECT Eurocidade Chaves-Verín acolleu a realización do Workshop “Asistencia Sanitaria no Contexto Transfronteirizo: Custos e Oportunidades”, destinado a sentar as liñas estratéxicas conxuntas en materia de asistencia sanitaria transfronteiriza, a través da realización dunha xornada de traballo en dous niveis (político e técnico) aos actores principais da UE, Galicia e Norte de Portugal, para debater sobre os diferentes aspectos que afectan a cooperación sanitaria transfronteiriza.

O encontro foi inaugurado polo alcalde de Verín Juan Manuel Jiménez, e contou coa participación de Jesús Gamallo, director xeral de Relacións Exteriores e coa UE; Nuno Almeida, coordinador da Comunidade de Traballo Galicia - Norte de Portugal; Antonio Fernández Campa, xerente do Servizo Galego de Saúde; Ponciano Oliveira, vogal do consello de dirección da Administração Regional de Saúde do Norte, ARS-N; Maria Inês Pereira Dias, directora da Escola Superior de Enfermagem Dr. José Timóteo Montalvão;

Manel Más, director médico do Hospital da Cerdanya; Eloíña Núñez, xerente de xestión integrada dos Hospitais de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; Fernando Miguel Pereira, vogal executivo do Consello de Administración do Centro Hospitalar de Trás-os-Montes e Alto Douro, ou Luís Filipe do Nascimento Teixeira, director executivo do Agrupamento de Centros de Saúde do Alto Tâmega e Barroso, entre outros.

A xornada articulouse en torno a tres paneis, no primeiro dos cales se abordou os impactos da aplicación da Directiva Europea sobre a asistencia sanitaria transfronteiriza. Análise dos custos de contexto sanitario no territorio transfronteirizo dende os puntos de vista institucional, mé-

dico e poboacional, tomando como punto de referencia o marco establecido pola Directiva 2011/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 9 de marzo de 2011, relativa á aplicación dos dereitos dos pacientes na asistencia sanitaria transfronteirizo, así como os decretos que traspoñan a devandita directiva en ambos os dous países (Real Decreto 81/2014, do 7 de febreiro, que traspón esta directiva e onde se establecen as normas que garantan a asistencia sanitaria transfronteirizo e o o correlativo na República Portuguesa).

Asimesmo tratouse da calidade asistencial e continuidade asistencial tras a asistencia, xestión da demanda, información ao paciente, modelo de financiamento (custo da asistencia, sistema de reembolso, transferencia de custos) e equidade no acceso á asistencia transfronteiriza.

Noutro dos paneis abordouse a mobilidade transfronteiriza do persoal sanitario e fíxose unha análise da organización da oferta sanitaria, recursos humanos e materiais, coñecementos, prácticas e emerxencias médicas na Eurorexión Galicia-Norte de Portugal, así como do recoñecemento de competencias, modelo de remuneración, diferenzas lingüísticas e culturais, loxística (transporte, aloxamento, etc.) e sobre a problemática de “fuga de cerebros”.

E no terceiro panel analizaronse os “case studies” de modelos de asistencia sanitaria en rexións transfronteirizas europeas, España-Francia en concreto, Agrupación Europea de Cooperación Territorial Hospital da Cerdanya, tomando como punto de referencia os acordos marco asinados entre países. Ademais abordáronse os principais retos da asistencia sanitaria transfronteiriza, as principais leccións



**A XORNADA ARTICULOUSE EN TORNO A TRES PANEIS, NO PRIMEIRO DOS CALES SE ABORDOU OS IMPACTOS DA APLICACIÓN DA DIRECTIVA EUROPEA SOBRE A ASISTENCIA SANITARIA TRANSFRONTEIRIZA**

## A POLÍTICA MIGRATORIA ENTRE AS REXIÓNS

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, participou en Bruxelas na reunión da comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) do Comité das Rexións (CdR). A axenda da sesión estivo centrada no debate de varios proxectos de ditame referidos ao necesario papel das rexións e cidades na protección do Estado de Dereito e os dereitos fundamentais, así como no desenvolvemento dunha verdadeira política migratoria europea.

En resposta á recente adopción por parte da Comisión Europea dun novo marco para afrontar posibles ameazas ao Estado de Dereito en calquera dos Estados membros, durante a xuntanza foi debatido e aprobado un proxecto de ditame que fai fincapé no vital papel dos entes locais e rexionais na salvagarda deste principio fundacional da UE. Jesús Gamallo remarcou nesta liña a necesidade de que a Gobernanza Multinivel sexa tomada como punto de partida para a súa protección, concedéndolle aos cidadáns e ás administracións máis próximas a eles un lugar central na toma de decisións ao respecto.

Reforzando este argumento, durante a sesión os membros de CIVEX reivindicaron a probada eficacia das políticas “de base local” xa en marcha en moitos outros ámbitos, e, consecuentemente, a idoneidade dos entes locais e rexionais para ser axentes de pleno dereito con responsabilidades políticas en materia de dereitos civís, políticos, económicos e sociais.

Así mesmo, e con vistas ao seu debate definitivo no pleno do CdR que se celebrará o 3 e 4 de decembro, os membros de CIVEX aprobaron un proxecto de ditame que reclama máis solidariedade e coordinación entre as rexións europeas ao afrontar os fluxos migratorios e xestionar a política de asilo na UE. Destacouse neste senso, e tomando en conta a gran presión á que están sometidas determinadas áreas da xeografía europea, a necesidade de que as rexións e Estados membros repartan as obrigas derivadas, tomando en conta as limitacións estruturais, os recursos e as especificidades demográficas de cada un deles, entre outros factores relevantes. Gamallo sinalou, tamén neste eido, o principio da Gobernanza Multinivel como unha ferramenta clave para xerar iniciativas de éxito relacionadas coa integración dos inmigrantes, dado que son as entidades locais e rexionais e a sociedade civil as que asumen, sobre o terreo, a responsabilidade da súa acollida.

Por outra banda, o proxecto de ditame aprobado hoxe apoia a intención da Comisión Europea de reforzar a cooperación entre os Estados membros en materia de control de fronteiras a través da axencia FRONTEX, pero incide na necesidade de velar polo respecto aos dereitos humanos na loita contra a inmigración irregular, prestando atención á dimensión humanitaria deste fenómeno.

A axenda da xuntanza completouse cun primeiro debate sobre dous proxectos de ditame referidos á estratexia de ampliación da UE para 2014-2015 e á promoción do comercio xusto dentro da UE, estando prevista a aprobación deste último en abril do vindeiro ano, con motivo da celebración en 2015 do Ano Europeo do Desenvolvemento. No marco desta reunión tivo lugar así mesmo o encontro anual coa Comisión de Gobernanza do Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa.

aprendidas, os resultados obtidos e os custos, directos e indirectos, asociados a este tipo de iniciativas.

“O principal obxectivo deste Grupo de Traballo é coñecer e analizar os custos de contexto transfronteirizo en materia sanitaria para deste modo e, ao abeiro do acordo marco entre o Reino de España e a República Portuguesa sobre cooperación sanitaria transfronteiriza e do convenio de colaboración transfronteiriza entre a Administración Regional de Saúde do Norte e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia asinado en Vigo en xuño, poida avanzarse na futura firma de convenios ou protocolos de cooperación que permitan compartir os servizos de saúde de ambos os dous lados co fin de prestar un mellor servizo aos cidadáns”, indicou o alcalde verinense, que tamén recordou que “a AECT Chaves-Verín leva traballando meses no Deseño e elaboración dun plan de actuación da asistencia sanitaria en Chaves-Verín e a redacción dunha proposta de convenio de cooperación sanitaria entre ambos os dous hospitais co obxectivo de facilitar e ofrecer ás administracións sanitarias competentes un traballo que lle fose útil para poñer en marcha a tan ansiada cooperación sanitaria entre os dous municipios.

Unha cuestión subliñada tamén polo director xeral de Relacións Exteriores e coa UE que indicou que “queremos

chegar a un plan concreto das capacidades en materia sanitaria entre Verín e Chaves, que beneficie aos cidadáns das dúas zonas, xa que é unha obriga que os cidadáns nos puxeron nas nosas mans e á que non debemos nin podemos renunciar”. Tamén engadiu que “se están a dar pasos adiante moi sólidos, xa asinamos o Protocolo conxunto entre a Xunta de Galicia e a Administración Regional de Saúde do Norte, hoxe damos outro paso analizando posibilidades e capacidades, escoitando o que nos teñen que contar exemplos de éxito como o Hospital da Cerdanya e os expertos, e en nós está facer o convenio que facilite a mellora da atención sanitaria de calidade dos cidadáns que viven nesta Eurocidade”.

A Eurocidade Chaves-Verín é un proxecto de cooperación transfronteiriza aprobado no ámbito do Programa Operacional de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP), coa participación financeira da Unión Europea (co-financiamento FEDER).

# DICIEMBRE

## DÍA 1

■ E.on vende su negocio en España y Portugal al inversor australiano Macquarie por 2.500 millones.

■ Altice dá 7,4 mil milhões e ganha corrida à PT.

■ PJ investiga denúncias na diocese do Porto.

■ Galicia, quinta potencia en produción de pedra elaborada.

■ Número de inmigrantes em Portugal continua a cair.

■ A crise não travou as escolas de Gestão. Portugal tem três entre as melhores da Europa.

■ La firma láctea Lactalis ya factura más que Leche Río y Feiraco juntas.

■ João Semedo deixa liderança do BE.

■ Alcoa anuncia un despedido colectivo en su planta de A Coruña.

■ Portugal tem mais centros comerciais por habitante que França, Espanha e Alemanha.

## DÍA 2

■ Dezenas em protesto contra abandono de centro hospitalar Vila do Conde/Póvoa de Varzim.

■ Zeltia estudia fusionarse con PharmaMar para cotizar en Estados Unidos.

■ Isabel dos Santos entrega pedido de registo de OPA à PT SGPS.

■ Balcão Único facilita relação dos bracarenses com a Câmara.

■ Dinheiro da venda da PT à Altice vai todo parar a mãos brasileiras.

■ La prima de riesgo baja de los 110 puntos básicos por primera vez desde el 2010.

■ Alfonso Alonso será el nuevo ministro de Sanidad.

## DÍA 3

■ Galicia recogió un 80 % más para el Banco de Alimentos.

■ Maria Luís Albuquerque diz que o programa de vistos 'gold' "tem sido útil para Portugal".

■ Governo quer desviar milhões da Europa para cheias em Lisboa.

■ Libertad con cargos para los 21 ultras detenidos por la reyerta del Manzanares.

■ Passos diz que país precisa de mais gente no ensino superior.

■ Empresarios gallegos ganan el primer juicio para recuperar los 70 millones de NCG.

## DÍA 4

■ La carga de trabajo de los astilleros gallegos está en mínimos históricos.

■ Bruxelas quer mais condenações por corrupção.

■ España, entre los que más recortan en sanidad de la UE.

■ Rui Rio condena "permanente violação do segredo de justiça".

■ Alberto João Jardim anuncia demissão após 37 anos no poder.



■ Bruselas se plantea retirar la prohibición del "xeito" a los 427 pesqueros gallegos.

■ La Xunta de Galicia suprime el plus de altos cargos.

## DÍA 5

■ Passos afirma que a crise não aumentou desigualdades.

■ El número de nacimientos crece en Galicia por primera vez desde el inicio de la crisis.

■ Rato sacó Bankia a Bolsa con las cuentas maquilladas, según el informe pericial.

■ Mil pessoas atingidas por virose que chegou a todas as escolas em Melgaço.

■ Portas diz que país já pode aliviar impostos e fomentar economia.

## DÍA 6

■ La OCDE confirma una pérdida de impulso en el crecimiento de Europa.

■ Portugueses abrem nova via para uma vacina contra





a malária.

■ Fomento decide congelar el precio de los peajes tras cinco años de subidas.

■ Galicia acapara 371 millones del fondo europeo de pesca hasta el 2020.

■ Português que comprou PT revoluciona aldeia minhota

Guilhofrei, terra pacata no Minho onde nasceu.

### DÍA 7

■ Neves Adelino demite-se da administração da Cimpor.

■ Jerónimo Martins investe 40 milhões de euros em Portalegre.

■ El comercio gallego pone fin a cinco años de intenso cierre de negocios.

■ OCDE indica progressão na economía portuguesa.

■ El precio de la luz amenaza 600 empleos en las históricas fábricas coruñesas de Alcoa y Megasa.

### DÍA 8

■ El rey insta a traducir el crecimiento en distribución justa de la riqueza.

■ El Eurogrupo pedirá a España nuevos ajustes.

■ Uno de cada tres municipios gallegos se rige por normas urbanísticas de hace 20 años.

■ El fiscal pide quince años de cárcel para Iñaki Urdangarin.

■ ONU considera que Portugal deve aumentar o salá-

rio mínimo nacional e alargar os potenciais beneficiários do Rendimento Social de Inserção.

■ BESI vendido aos chineses da Haitong por 379 milhões de euros.

### DÍA 9

■ La AP-9 perdió 6.300 usuarios con la crisis tras encarecer el peaje un 28 %.

■ Galicia incorpora al campo a 4.400 jóvenes en 10 años, aunque no corrige el cierre de granjas.

■ España se enfrenta a Bruselas y dice que no habrá nuevos recortes.

■ Portugal continua a ser o 4.º país com melhor avaliação nas políticas climáticas.

■ CMVM recebe informação e Oi autoriza venda da PT à Altice.

■ Interior anuncia el relevo de los coordinadores de seguridad de Deportivo y Atlético de Madrid.

■ España pide una quinta parte del plan Juncker.

■ Caso Maddie: 11 pessoas começam hoje a ser ouvidas.

■ El fiscal solicita aplicar la “doctrina Botín” a la Infanta.

■ Centro Hospitalar do Porto foi reconhecido como o melhor do país.

### DÍA 10

■ Al menos 3.419 migrantes murieron en el Mediterráneo en 2014.

■ La UE avala el “tax lease” español.

■ Economía paralela lusa cresce para 26,81% do PIB.

■ Pelo menos 40 mulheres foram mortas desde o início do ano.

■ Supremo recebe terceiro pedido de “habeas corpus” para libertar Sócrates.

### DÍA 11

■ Unos 250 altos cargos cobran más que Rajoy.

■ Galicia pierde cada día 44 habitantes.

■ La Xunta mantendrá en 2015, por segundo año consecutivo, las tarifas en sus autopistas.

■ Bruselas advierte de que la banca española sigue siendo “vulnerable”.

■ CDS recusa a atribuição da Chave de Honra de Lisboa a Mário Soares.

■ Moody's ameaça cortar rating da Altice com compra da PT Portugal.

■ El gallego Darío Villanueva, elegido nuevo director de la RAE.

■ Praça de touros de Viana vai ser transformada em pavilhão desportivo.

### DÍA 12

■ Freguesia de Vila Real consulta população para mudar nome com 84 caracteres.

■ Miles de personas se manifiestan en A Coruña contra el cierre de Alcoa.

■ EDP pede 8,5 milhões à câmara do Porto em tribunal.

■ Rajoy: “En muchos aspectos, la crisis es historia”.

### DÍA 13

■ Los recortes en la Xunta reducen 15.700 bajas médicas en su plantilla.

■ Governo admite requisição civil na TAP.

■ PS sobe nas sondagens mesmo após detenção de Sócrates.



■ Una cadena humana une Ferrol y Fene por el naval.

**DÍA 14**

■ La economía social, un refugio contra la crisis que factura 2.400 millones en Galicia.

■ China já injetou 10 mil milhões de euros em Portugal.

■ José Maria Costa: Este é o momento certo para a regionalização.

■ Bruselas da 2.800 millones a España para reducir el paro juvenil.

**DÍA 15**

■ El peso de los salarios en la riqueza gallega cae el nivel más bajo en 15 años.

**DÍA 16**

■ Vigo fabricará la nueva furgoneta K-9 de Citroën.

■ Asociaciones de peregrinos piden que el Camino entre en la lista del Patrimonio Mundial "en peligro".

■ Freire coordinará la construcción de tres buques "offshore" en México para Pemex.

■ Passos defende que a haver coligação com CDS-PP é para ter maioria absoluta.

**DÍA 17**

■ PGR chamada a explicar o que fazer face aos 4,5 milhões impagáveis da Gaianima.

■ Los aeropuertos gallegos se quedaron sin fondos euro-

peos en 2013 tras el bloqueo de Bruselas.

■ Desaparece un bateiro en Corrubedo con tres tripulantes a bordo.

■ Barack Obama y Raúl Castro anuncian la reapertura de sus relaciones diplomáticas.



■ El aeropuerto de Peinador es insostenible, según el Tribunal de Cuentas de la UE.

■ BPI formaliza interesse na compra do Novo Banco.

**DÍA 18**

■ Militares portugueses vão treinar tropas iraquianas em 2015.

■ Carlos do Carmo eleito Personalidade do Ano pela imprensa estrangeira.

■ Portugal vai pescar mais carapau, tamboril e lagostim, mas perde na quota de bacalhau.

■ Morreu o almirante Vítor Crespo, militar de Abril.

■ Tribunal decide que câmaras não podem passar multas de estacionamento.

■ La bajura gallega, la gran derrotada en el «maratón» de reparto de cupos.

■ Dimite Eduardo Torres-Dulce como fiscal

general del Estado.

■ Iberdrola firma con Navantia Fene un contrato que dará ocupación a 450 trabajadores

■ Putin dice que Rusia saldrá de la crisis en dos años en el peor caso.

**DÍA 19**

■ Primer contrato en 14 años para Navantia Fene.

■ Dragados y Puentes y Calzadas ampliarán Rande por 130 millones en 23 meses de plazo.

■ Portugal está gordo: 4,5 milhões têm excesso de peso.

■ Braga elimina Benfica da Taça de Portugal.

■ Portugal, França e Espanha reúnem-se em fevereiro para discutir interligações energéticas.

■ Galicia perdió 12.000 empresas en los últimos cuatro años.

**DÍA 20**

■ La Xunta cerrará el grifo a 43 concellos si no pagan el "tasazo" de la basura



■ Municipios medianos superan ya en PIB a algunas ciudades gallegas.

■ Navantia inicia en Cádiz la obra para Iberdrola, que seguirá en Fene en febrero.

■ BPN vai custar mais 2,5 mil milhões de euros ao Estado.

■ Estaleiros de Viana vão construir dois novos navios.

■ UMinho com impacto de 121,8 milhões de euros.

**DÍA 21**

■ "Portugal não quer e não precisa de estender a mão à caridade", diz Ministra das Finanças.

■ El precio de la leche bajó en otoño por primera vez en veinte años.

■ Oporto incrementará su oferta aérea al coordinarse con Lisboa.

■ TAP pede 250 milhões à banca para pagar contas e sobreviver até à venda.

■ Portugal perde 3070 produtores de leite por ano.

**DÍA 22**

■ Menezes avança com queixa-crime por causa de "devassa" da vida pessoal e patrimonial.

■ El juez Castro sienta definitivamente a la infanta Cristina en el banquillo.

**DÍA 23**

■ El Banco de España eleva

hasta el 1,4 % el crecimiento del PIB este año.

- El 86 % de los concellos gallegos pierden vecinos.
- Joe Cocker, o cantor da voz rouca, morreu aos 70 anos.
- Porto tem novamente sinalreiro 20 anos depois.

**DÍA**  
**24**

- Los radares de Tráfico facturas en Galicia un 43,3% más que la media nacional.

**DÍA**  
**25**

- La Xunta rescata con 7 millones más al año a las auto-vías del Salnés, Barbanza y Celanova

**DÍA**  
**26**

- La Xunta fija en 60 días la espera máxima para operar-se de 48 males.
- Caso BES: Investidores internacionales lanzan novos procesos contra Governo, BdP e CMVM.

**DÍA**  
**27**

- Zeltia cierra el año como mejor empresa gallega en Bolsa.
- Rajoy anuncia el despegue definitivo tras la recuperación lograda este año.
- Galicia desborda todas las previsiones, con más de cuatro millones de turistas.

**DÍA**  
**28**

- La Xunta multa a las eléctricas con 4,8 millones por

abusos a sus clientes.

- Ribeira Sacra, la tierra gallega del vino y el aceite aspira a ser patrimonio de la humanidad.

**DÍA**  
**29**

- La autovía que conecta Galicia con Francia, lista tras 25 años de obras.

- La mayoría de los trabajadores a tiempo parcial no llega al salario mínimo en Galicia.

- O ano de 2015 será o mais brando nos preços desde a troika.

- Grecia adelantará elecciones tras fracasar al elegir presidente.

**DÍA**  
**30**

- El Banco Popular entra na corrida à compra do Novo Banco.

## INTEGRACIÓN E COHESIÓN SOCIOCULTURAL

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez, participou na xornada “Espazo xuvenil transfronteirizo: balance e conclusións” con motivo do remate do proxecto Eurocidade II, aprobado ao abeiro do Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 (POCTEP), na que son socios a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, o Instituto Português do Desporto e Xuventude, o Concello de Verín e a Câmara Municipal de Chaves.

Na súa intervención, Martínez lembrou que “a Eurocidade non foi ningún experimento, senón un instrumento útil para mellorar a calidade de vida dos seus eurocidadáns”, e así apuntou que “as fronteiras que antes dividían e separaban, hoxe as convertemos nunha ferramenta de crecemento”. O delegado territorial defendeu que para que este proxecto teña continuidade “temos que traballar coa xuventude xa que é a mellora garantía de que os seus obxectivos poidan seguir vixentes no futuro neste territorio”.

O delegado territorial indicou que a Dirección xeral de Xuventude e Voluntariado colaborou co proxecto transfronteirizo Eurocidade Chaves-Verín II, que se desenvolveu no período 2011-2014, cunha achega de 156.000 euros, con actuacións que colaboraron a potenciar a eurocidadanía, organizar conxuntamente eventos culturais e deportivos e dinamizar economicamente a zona.

Así, ao longo destes catro anos este programa permitiu apoiar 15 eventos destinados aos máis novos da Eurocidade, 217 mozos e mozas beneficiáronse de accións de intercambios xuvenís, 306 participaron en accións de formación conxuntas e 2.622 mozos disfrutaron dos servizos xestionados conxuntamente: a oficina transfronteiriza de información xuvenil (OTIX) e o local de ensaio.



**DÍA**  
**31**

- El fiscal superior pide un cambio en la Justicia para atajar la corrupción.

- El escándalo de Blesa y Rato suma 15 millones más.

- Astano se libera de 30 años de veto.

- Portugueses estão mais

velhos e têm uma menor esperança de vida que os espanhóis.

- Paulo Macedo vai multar empresas que falhem contratos para recrutar médicos.

## UN PLAN JUNCKER COHERENTE COAS PRIORIDADES

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, participou na capital comunitaria no 109º Pleno do Comité das Rexións da UE (CdR), o último do presente mandato 2010-2015. Esta sesión de peche serviu para emitir 17 ditames sobre diversas cuestións de interese como a Política de Cohesión, o paquete de política industrial da UE ou a economía azul, unha aposta polo crecemento sostible no sector mariño e marítimo europeo. Así mesmo, foi aprobada unha resolución sobre a dimensión territorial da recente proposta da Comisión Juncker para pór en marcha un Plan de Inversión de 315.000 millóns de euros que impulse o crecemento na UE.

No marco do debate da resolución do CdR sobre o paquete de medidas anunciado polo presidente da Comisión, Jean-Claude Juncker, os membros expresaron a súa conformidade co contido do mesmo e a súa vontade de colaborar co resto de institucións da UE na súa posta en marcha. Así mesmo, os representantes das rexións e cidades europeas celebraron a referencia explícita no documento ao papel que han de asumir os entes subestatais no impulso do investimento para o emprego, tendo en conta que en 2013 foron estes os responsables dun 55% do gasto público europeo.

Neste senso, Jesús Gamallo destacou a probada experiencia dos entes rexionais na posta en marcha de proxectos clave para o desenvolvemento da economía real a través dos Fondos Estruturais e

de Inversión (EIE). En referencia aos mesmos, e para acadar unha maior eficacia na recuperación económica das rexións da UE, Gamallo chamou a atención sobre a necesidade de que este novo paquete de investimento sexa coherente coas prioridades xa sinaladas polas rexións nos seus programas operativos e estratexias de especialización intelixente.

“O Plan Juncker é ambicioso e necesario. Ambicioso porque chegar a mobilizar tal cantidade de diñeiro dende o partenariado público-privado non vai ser unha tarefa sinxela. Necesario porque o estímulo á actividade económica é unha esixencia do momento actual”, sinalou o director xeral.

Tamén fixo referencia ao Plan de Inversión na súa intervención desta mañá a recentemente nomeada comisaria de Política Rexional, Corina



**A ASEMBLEA DE REXIÓN E CIDADES EXPRESOU, A TRAVÉS DUNHA RESOLUCIÓN, A SÚA VONTADE DE COLABORAR NA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE INVESTIMENTO PROPOSTO POLO PRESIDENTE DA COMISIÓN EUROPEA**

**JESÚS GAMALLO INTERVEU DURANTE A SESIÓN PARA RECORDAR A NECESIDADE DE QUE EUROPA VOLVA A XERAR ILUSIÓN NOS CIDADÁNS**

Cretu, quen comentou o potencial impacto do mesmo nas rexións e cidades e presentou as prioridades políticas do seu mandato. Aproveitando a presenza da presidenta do Parlamento de Galicia en Bruxelas para asistir a unha reunión do intergrupo do CdR de “Rexións con competencias lexislativas”, Jesús Gamallo e Pilar Rójo saudaron á nova responsable de Política Rexional.

O pleno aprobou, así mesmo, un ditame referido a “Reconectar Europa cos cidadáns – comunicar máis e mellor a nivel local”, un texto no que viña traballando a comisión CIVEX, da que forma parte Jesús Gamallo. Este ditame nace como resposta aos resultados das pasadas eleccións europeas, que demostraron a desafección dunha significativa parte da cidadanía co proxecto Europeo e a necesidade de reformular a estratexia de comunicación da UE.

No debate previo á súa aprobación definitiva, Jesús Gamallo tomou a palabra para recordar a necesidade de apostar polos medios locais e rexionais co propósito de facer chegar o traballo desenvolvido pola UE aos cidadáns, simplificando as mensaxes e explicando ata que punto as políticas europeas teñen mellorado as súas condicións de vida nas últimas décadas. Co obxecto de que a información aportada polos medios máis próximos á cidadanía sexa

atractiva e veraz, Gamallo defendeu a necesidade de que dende a UE se continúen a levar a cabo actividades formativas destinadas aos seus xornalistas.

Como conclusión, o texto final aprobado polo CdR reclama ás institucións europeas a creación dun Plan de Comunicación 2015-2019 que traballe pola mobilización e sensibilización da opinión pública en asuntos europeos a través da posta en marcha de iniciativas de comunicación descentralizadas, coordinadas politicamente dende Bruxelas.

Aprobouse tamén un ditame sobre o VI Informe da Cohesión, documento publicado en xullo pola Comisión Europea que fai un percorrido polo funcionamento e impacto desta política. Neste contexto, Jesús Gamallo apoiou unha serie de emendas propostas por CC.AA. españolas participantes no Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos (FREDD), do que Galicia forma parte, como parte do traballo conxunto desenvolvido neste eido nos últimos meses. O denominador común de todas elas foi a inclusión das problemáticas demográficas entre os elementos que han de garantir unha especial atención por parte da Comisión á hora de aplicar a Política de Cohesión naquelas rexións que as padezan con especial cruza.

Gamallo defendeu ademais dúas emendas presentadas a este VI Informe da Cohesión dende o goberno galego nas que se avogaba pola simplificación e racionalización dos procedementos de acceso ao financiamento europeo, así como por unha mellor trasposición da lexislación comunitaria para facilitar a xestión dos fondos provenientes da UE.

O pleno do CdR aprobou así mesmo dous ditames sobre cuestións de especial interese



para Galicia pola súa conexión co naval, como son as propostas da Comisión Europea referidas ao paquete de política industrial e á innovación na economía azul.

Nestes ditames, o CdR anima aos Estados membros e á industria a aproveitar as posibilidades que ofrece a nova normativa europea en materia de axudas estatais á hora de promover a renovación industrial. Así mesmo recordan que a estratexia do "crecemento azul" non se pode circunscribir unicamente á pesca e o medio ambiente senón que debe incluír outros sectores estratéxicos, como a construción naval ou a enerxía azul.

Galicia participa en dúas das seis comisións do Comité das Rexións: na comisión de Cidadanía, Gobernanza, Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) e na comisión de Cohesión Territorial (COTER). A Fundación Galicia Europa realiza labores de asesoramento e apoio á participación galega neste órgano comunitario, tanto nas comisións de traballo como nas sesións plenas.

## AVANZAR NA CAPTACIÓN DE NOVOS FONDOS

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, mantivo un encontro co presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte, Emídio Gomes, para analizar o plan de traballo da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal para abordar cuestións referentes ao ano 2015. Rueda destacou que de cara o 2015 o obxectivo fundamental seguirá a ser a captación de fondos europeos ao longo deste novo período orzamentario da UE e seguir proponendo actuacións conxuntas de carácter estrutural para ambos lados. Para iso, continuou, é necesario reforzar os proxectos de colaboración entre ambas rexións a través da AECT, brazo executor da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal.

Con ese obxectivo fundamental a Comunidade de Traballo Galicia - Norte de Por-

tugal revitalizar o seu traballo e actualizar a composición das súas comisións sectoriais, de acordo co contido do PIC 2014-2010, o primeiro plan de investimentos conxuntos transfronteirizo na UE, que traslada a cooperación interrexional ao mesmo punto de arranque do proceso de programación.

Deste xeito, en canto se aprobe o Programa Intereg 14-20 estas comisións estarán listas e operativas para preparar os proxectos que se presentarán á primeira convocatoria deste programa de cooperación transfronteiriza entre España e Portugal. As comisións responden aos principios da Estratexia Europa 2020 e son catro: desenvolvemento sostible; innovación; desenvolvemento económico e turismo; e cidadanía.

Ademais, de analizar o deseñado, Rueda e Gomes destacaron o impulso que recibiu

a AECT en 2014, con importantes fitos como o Programa de cooperación interuniversitaria 'Iacobus' ou a celebración do primeiro Job Day, unha xornada de impulso ao emprego que este ano celebrouse en Tui centrada nas metalúrxicas. Ademais, durante 2014 propiciáronse encontros sectoriais en eidos como os camiños de Santiago, recollida de lixo, homologación de títulos de FP, o deporte, a saúde, o medio ambiente ou as industrias téxtil e metalúrxica, entre outros. A AECT puxo en marcha o Gabinete de Información da Eurorexión, unha plataforma online de colaboración a todos os niveis.



## O 45% DO PIB GALEGO CONCÉNTRASE EN SETE CIDADES

O 45% do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia concéntrase nas sete cidades galegas, con Vigo á cabeza por diante da Coruña, entre ambos rexistran o 24,4% do total do PIB, segundo recolle o Instituto Galego de Estatística con datos de 2012.

Así as cousas, Vigo é o municipio con maior PIB, 7.058 millóns de euros; seguido da Coruña, con 6.184 millóns de euros. Nestes dous municipios xérase unha cuarta parte do valor engadido de Galicia. Con todo, en ambos municipios, con respecto ao 2010, se rexistran caídas do PIB, se ben son máis intensas en Vigo (-5,7%) que en A Coruña (-2,5%).

Segundo o IGE, as sete grandes cidades achegan o 45% do PIB de Galicia e ocupan sete dos oito primeiros lugares. Só Arteixo, cun PIB de 2.044 millóns de euros aparece por diante de Pontevedra e de Ferrol. Pola súa banda, nas sete grandes cidades a variación do PIB con res-

pecto a 2010 foi negativa. En concreto, a caída é do 9,5% en Ferrol; seguida de Santiago (-7,1%); Vigo (-5,7%); Ourense (-3,6%); Lugo (-3,3%); Pontevedra (-2,8%); e A Coruña (-2,5%). Entre outros municipios, existe un descenso acusado no Porriño (-8,5%).

Un dos factores que apunta o IGE é que no ano 2012 aparece entre os principais municipios de Galicia en termos de actividade xerada o municipio das Pontes de García Rodríguez, cun PIB que ascende a 933 millóns de euros, e un incremento respecto a 2010 do 69,5%. Este aumento está estreitamente relacionado coa actividade de xeración de enerxía eléctrica, xa que a central térmica situada neste municipio duplicou a súa produción con respecto ao 2010.

A evolución da xeración de enerxía eléctrica está entre as principais causas das variacións relativas máis relevantes no período 2010-2012. Hai que ter en conta que a produción de enerxía eléctrica

ca en Galicia rexistrou un lixeiro ascenso dende 2010, pero as orixes desta enerxía cambiaron de forma relevante: a hidroeléctrica pasou de representar o 35% da produción neta de enerxía en 2010 a un 15% en 2012.

Esta perda de peso absorbeuna a xeración de enerxía de orixe térmica. O cambio na estrutura da produción de enerxía ten o seu reflexo na actividade económica dos municipios nos que se sitúan as centrais térmicas e hidroeléctricas.

No tocante ao PIB por habitante, nos primeiros postos aparecen municipios de poboación reducida, xa que de entre os dez municipios con maior PIB por persoa só tres deles superan os 10.000 habitantes (Arteixo, Ás Pontes e O Porriño).

Así, o maior PIB por habitante rexístrase en Muras (Lugo), con 103.890 euros por cada unha das 790 persoas que ten como poboación. A clasificación prosegue con Carballeda de Valdeorras (100.717 euros por habitante); Ás Pontes de García Rodríguez (85.804 euros); San Cibrao das Viñas (78.376); Ás Somozas (67.683); Arteixo (65.574); Cerceda (64.988); Cervo (63.505); Rábade (48.275); e O Porriño (41.858).

Todos eles presentan características comúns. Son municipios que teñen un tecido industrial moi consolidado, están próximos a grandes núcleos e teñen acceso a vías de comunicación de alta capacidade: San Cibrao das Viñas, Rábade ou O Porriño, estarían neste grupo.

Estes son municipios nos que se situou un grupo empresarial: é o caso de Arteixo, Ás Pontes de García Rodríguez, Cerceda, Cervo ou Ás Somozas. Mentres que son concellos nos que se xera un valor engadido moi elevado pola ex-

plotación dun recurso natural --a enerxía hidráulica ou eólica fundamentalmente-- como acontece nos casos de Carballeda de Valdeorras ou Muras.

A media de PIB por habitante sitúase en Galicia en 19.599 euros. En total hai 41 municipios que superan esta cifra: 14 son da provincia da Coruña, 13 de Lugo, sete de Ourense e sete de Pontevedra.

En canto ás bisbarras, o PIB da Coruña foi de 10.276 millóns de euros en 2012, isto significa que nesta bisbarra se xerou o 18,9% da actividade produtiva de Galicia. Na de Vigo, o PIB ascendeu a 9.444 millóns de euros, o que representa o 17,4% do total.

As seguintes, en orde de magnitude, son as de Santiago, Ourense, Ferrol, Lugo e Pontevedra. Estas sete bisbarras achegan o 64,2% do PIB total de Galicia.

Non obstante, ao igual que pasaba no caso dos municipios, se se fala de PIB por habitante a situación das bisbarras é diferente. A bisbarra do Eume presenta un PIB por habitante de 4.215 euros, é dicir, un 126% superior á media de Galicia. A Mariña Occidental rexistra a segunda cifra de PIB por habitante superando os 30.000 euros por habitante. As bisbarras da Coruña e Santiago superan os 25.000 euros.

Respecto ás bisbarras con menor actividade por habitante destacan tres situadas no Sur de Galicia: Baixa Limia, A Paradanta e Terra de Celanova. Ningunha delas chega aos 10.000 euros por habitante. A de menor PIB por habitante é Baixa Limia (8.640 euros).

Por outra banda, oito das bisbarras galegas rexistran crecemento en termos nominais no período 2010-2012. Na bisbarra do Eume e de Ordes, que presentan a mellor evolución, o sector enerxético é a clave do comportamento positivo do PIB.



EDITA



COLABORA

